



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X legislatura
Número 281
22 de marzo de 2018

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 27621 (10/PRE-008175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Ministerio do Interior para mellorar as condicións de traballo do persoal que presta servizos nos cárceres radicados na comunidade autónoma, así como para a transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de asistencia sanitaria á poboación recluída neles

[89560](#)

I 27664 (10/PRE-008176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para evitar a perda de poder adquisitivo polos pensionistas galegos no ano 2018

[89563](#)

I 27679 (10/PRE-008177)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a inclusión polo Goberno galego no Plan Emprega en feminino dalgunha medida específica para o aumento do emprego industrial das mulleres e, se é o caso, o prazo previsto para o seu impulso, a contía da súa execución orzamentaria ata a data, así como as actuacións destinadas á mellora da empregabilidade feminina postas en marcha ao abeiro dese plan

[89566](#)

I 27681 (10/PRE-008178)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o concurso convocado pola Consellería de Política Social para a contratación, por importe de 500.000 euros, IVE engadido, do desenvolvemento dunha campaña de difusión institucional das políticas sociais da Xunta de Galicia destinadas ás persoas maiores no ano 2018

[89569](#)

I 27683 (10/PRE-008179)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para dotar o Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios

[89572](#)

I 27690 (10/PRE-008180)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a situación en que se atopa a aprobación definitiva do Plan especial de protección e ordenación do conxunto histórico-artístico de Sargadelos e, se é o caso, a data da súa publicación e o seu lugar de consulta

[89575](#)**I 27694 (10/PRE-008181)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para deter a baixada que presenta o autoemprego feminino en Galicia na última década

[89577](#)**I 27707 (10/PRE-008182)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa fenda existente na contía das pensións entre mulleres e homes, a avaliación do seu impacto na economía a medio prazo e as medidas adoptadas ou que vai levar a cabo para procurar unha suba significativa da contía media das pensións do colectivo feminino, así como as xestións realizadas ante o Goberno central ao respecto

[89579](#)**I 27711 (10/PRE-008183)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para reducir o impacto na economía galega da fenda salarial existente entre mulleres e homes, así como as medidas adoptadas para favorecer a transparencia salarial

[89583](#)**I 27724 (10/PRE-008184)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa presenza de pais e nais de alumnos acompañados de avogados ou avogadas nas entrevistas que se desenvolven nos casos de corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia escolar, a súa opinión referida á procedencia de adoptar algún tipo de medida de apoio ante estas situacións, así como a actuación pola Xunta de Galicia nalgún procedemento contencioso-administrativo a consecuencia dalgún recurso contra a resolución dalgún procedemento corrector

[89587](#)**I 27728 (10/PRE-008185)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á construción e ao remate da residencia para a terceira idade anunciada no núcleo da Chan-Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, a data de inicio polo Concello do proceso de expropiación das parcelas, das vías de acceso, da ampliación da EDAR e do plan especial de dotacións, así como as razóns da elección da fórmula de concesión administrativa para a execución das obras e a xestión do centro

[89590](#)

I 27747 (10/PRE-008186)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de aprobación dunha nova lei estatal de vivenda e as demandas ao respecto da Coordinadora Galega de Stop Desafiuizamentos/Plataforma de Afectados pola Hipoteca, así como as súas valoracións en relación co incremento dos desafiuizamentos en Galicia no ano 2017

[89593](#)**I 27763 (10/PRE-008187)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre o cumprimento do disposto no artigo 78 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, na obra realizada na parroquia de Furelos, no concello de Melide, no contorno do Camiño Francés a Santiago, e na ponte románica sobre o río Furelos

[89596](#)**I 27797 (10/PRE-008188)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre a denuncia por acoso presentada por unha actriz galega contra o director dun programa da TVG

[89598](#)**I 27803 (10/PRE-008189)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre a incidencia da demora da Xunta de Galicia no desenvolvemento da plataforma que debería permitir a reserva dos novos pases de acceso ás Illas Cíes nas expectativas económicas do sector turístico e doutros servizos vinculados, a avaliación do seu impacto económico, así como os prazos previstos para a súa posta en marcha

[89600](#)**I 27806 (10/PRE-008190)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 3 máis**

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia en relación cos problemas medioambientais e de salubridade que están a ocasionar as deficiencias existentes no funcionamento da estación depuradora de augas residuais de Ribeira, as medidas previstas para solucionarlas e o prazo estimado para o remate da súa reparación

[89602](#)**I 27811 (10/PRE-008191)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os riscos que presentan para as persoas as arpas de elaboración caseira que están a utilizar os apicultores como sistema de loita contra a avespa *velutina*, así como os datos ao respecto

[89604](#)**I 27813 (10/PRE-008192)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula**

Sobre as medidas e actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a protección ambiental da ría de Foz ante a tramitación do proxecto de instalación dun embarcadoiro no espigón de San Cosme, no concello de Barreiros [89606](#)

I 27816 (10/PRE-008193)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a realización polo Goberno galego do estudo comprometido para a execución de melloras no Porto Chico, de Foz, ou, se é o caso, o prazo estimado para ese fin, e as súas previsións respecto da dotación das partidas orzamentarias necesarias para a mellora do seu calado e abrigo, así como dalgunha praza de amarre máis aos portos desa localidade no ano 2018, ademais das 40 proxectadas

[89609](#)

I 27818 (10/PRE-008194)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da axilización da reparación do firme da estrada N-642 entre Barreiros e San Cibrao, a redacción urxente do proxecto para a rehabilitación do tramo entre Porto e Ribadeo, así como a execución no ano 2018 das melloras máis urxentes na Rede estatal de estradas na provincia de Lugo e a información que posúe en relación co proxecto de autovía A-74

[89611](#)

I 27821 (10/PRE-008195)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as denuncias e queixas referidas ao suposto trato denigrante a persoas recluídas na penitenciaría de Teixeiro

[89614](#)

I 27835 (10/PRE-008196)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as razóns da demora da Consellería do Medio Rural no libramento do 40 % das axudas concedidas para loitar contra a praga da couza guatemalteca da pataca

[89617](#)

I 27843 (10/PRE-008197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa presenza e co uso da lingua galega no ensino universitario, o desenvolvemento dalgún estudo ao respecto e, se é o caso, a evolución que presentan nos últimos anos, así como as medidas adoptadas para o seu impulso, de conformidade coa normativa vixente en materia lingüística

[89619](#)

I 27855 (10/PRE-008198)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención da demanda do Concello da Estrada referida á construción dunha residencia pública para persoas maiores asistidas, así como o au-

mento do numero de prazas de residencia para a terceira idade nese municipio e as súas estimacións en relación coas necesidades na materia na comarca da Estrada-Deza ata o ano 2020

[89624](#)

I 27861 (10/PRE-008199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á conexión do polígono industrial de Nantes, no concello de Sanxenxo, coa estación depuradora de augas residuais de Dena, no concello de Meaño, así como o inicio da separación da canalización das augas residuais e pluviais que chegan a ela e as medidas que vai adoptar para o normal funcionamento desa depuradora

[89627](#)

I 27866 (10/PRE-008200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da situación en que se atopa o Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e as súas previsións referidas ao incremento do seu cadro de persoal

[89630](#)

I 27868 (10/PRE-008201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre as razóns da demora e os prazos estimados polo Goberno galego para o efectivo inicio e remate das obras de construción da rotonda comprometida no punto quilométrico 1.900, da estrada PO-404, para facilitar o acceso á EDAR de Guillarei, no concello de Tui

[89632](#)

I 27875 (10/PRE-008202)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación de illamento en que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, a consecuencia do corte físico da estrada OU-0807 pola Deputación Provincial de Ourense, o seu posible impacto para a poboación, así como as súas previsións respecto da colaboración financeira coa Deputación para o arranxo desa estrada

[89635](#)

I 27878 (10/PRE-008203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para non cubrir a praza vacante por xubilación da profesora de Linguaxe Musical e Educación Auditiva no Conservatorio Profesional de Música de Ourense, o prazo previsto para ese fin e as consecuencias que vai ter para o alumnado levar máis dun mes sen recibir clases desas materias, así como as medidas que vai adoptar para evitar esta situación no futuro

[89638](#)

I 27882 (10/PRE-008204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre os prazos previstos para a posta en marcha polo Goberno central do Complexo de San Francisco, en Ourense, que vai conter, entre outros espazos, a futura Biblioteca Nodal e o Arquivo Histórico Provincial, así como para o traslado a ese complexo da actual biblioteca pública situada na rúa do Concello, a garantía polo Goberno galego da cesión ao Ateneo de Ourense dun espazo para o desenvolvemento da súa actividade no edificio en que se atopa na actualidade esa biblioteca e, se é o caso, as súas características técnicas [89640](#)

I 27889 (10/PRE-008205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego referidas ao establecemento de axudas para as persoas maiores de 65 anos con menos recursos para o pagamento dos gastos de mantemento ou subministracións básicas dunha vivenda en réxime de propiedade [89644](#)

I 27895 (10/PRE-008206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para a publicación dos resultados do proceso selectivo publicado no DOG do 7 de marzo de 2016 para o ingreso na categoría 003 (ordenanza e outras) do grupo V, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, de prazos reservadas para a súa cobertura por persoas que acreditasen discapacidade intelectual, así como para a incorporación das persoas seleccionadas aos postos de traballo [89647](#)

I 27896 (10/PRE-008207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa a redacción do proxecto básico e de execución da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, así como a data prevista para o inicio da ampliación da zona de urxencias do centro [89650](#)

I 27900 (10/PRE-008208)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a convocatoria e as persoas asistentes á xuntanza levada a cabo o 13 de febreiro de 2018 no Parador de Turismo de Monforte polo secretario xeral de Cultura e a directora xeral de Patrimonio cos alcaldes dos concellos lucenses afectados pola incoación do expediente para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural [89652](#)

I 27903 (10/PRE-008209)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para elixir o modelo de xestión privada para o centro menores de Montealegre, en Ourense, así como da demora na súa reapertura, a titulación que se vai requirir para a cobertura das prazas de educador ou educadora social e o prazo previsto para a aprobación definitiva da Estratexia galega para a infancia e a adolescencia [89654](#)

I 27927 (10/PRE-008210)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre as características técnicas que se van establecer e, en concreto, os valores máximos de inclinación da rasante en ramplas ou pendentes previstos para a conversión da estrada Brión-Noia en autovía

[89658](#)**I 27931 (10/PRE-008211)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para valorar positivamente os datos da enquisa de poboación activa referidos ao ritmo de creación de emprego en Galicia, en relación co resto do Estado, no cuarto trimestre do ano 2017, as políticas activas de emprego desenvolvidas para favorecer o crecemento da poboación ocupada en Galicia e o seu mantemento no ano 2018 ou, se é o caso, as modificacións que vai introducir e os resultados que persegue

[89660](#)**I 27932 (10/PRE-008212)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre o cronograma de actuacións que está a manexar a Xunta de Galicia para a efectiva execución da autovía Brión-Noia

[89663](#)**I 27933 (10/PRE-008213)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da posta en servizo da autovía Brión-Noia no ano 2022

[89666](#)**I 27934 (10/PRE-008214)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización do proxecto e obra da autovía Brión-Noia por tramos, e se é o caso, os datos ao respecto

[89669](#)**I 27935 (10/PRE-008215)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre as razóns da vinculación da realización da autovía Brión-Noia á execución do desdoblamento do corredor do Morrazo, que aínda non foi adxudicada na súa totalidade

[89672](#)**I 27936 (10/PRE-008216)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre os datos referidos ao investimento que vai destinar a Xunta de Galicia ao desdoblamento da estrada Brión-Noia en autovía

[89675](#)

I 27950 (10/PRE-008217)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da proposta referida ao medio ambiente, así como á eficiencia enerxética, reflectida no informe do Consello Económico e Social de Galicia titulado *Por unha alianza do sector industrial: 50 propostas*, e as súas previsións respecto do deseño no ano 2018 dunha nova normativa que estimule as empresas a usar enerxías máis limpas e a consumir menos recursos cara a unha estratexia de reutilización dos residuos industriais

[89678](#)**I 27959 (10/PRE-008218)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non levar a cabo todos os pagos pendentes das axudas correspondentes á praga de couza guatemalteca da pataca e o prazo previsto para ese fin

[89680](#)**I 27964 (10/PRE-008219)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as axudas e subvencións concedidas, así como os convenios de colaboración subscritos pola Xunta de Galicia con diversas empresas do sector da automoción, desde o ano 2009

[89682](#)**I 27967 (10/PRE-008220)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para buscar unha saída ao conflito laboral do persoal do servizo de mantemento e seguridade industrial do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, e os mecanismos que está a empregar para o seguimento do cumprimento do prego de condicións do contrato, así como para avaliar a estimación do seu custo económico

[89686](#)**I 27977 (10/PRE-008221)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para atender as demandas da cidadanía, expresadas nas rúas o día 8 de marzo de 2018, e as súas previsións respecto da solicitude ao Goberno central da comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller, así como a ampliación do seu número ás sete principais cidades de Galicia

[89690](#)**I 27992 (10/PRE-008222)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para incrementar a edición de libros en galego e, en particular, a dos destinados á poboación máis nova

[89693](#)

I 28008 (10/PRE-008223)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para cumprir o artigo 15 da Lei 52/2007 e retirar o nome da «Rúa do Caudillo» en Beade (Ourense)

[89696](#)**I 28014 (10/PRE-008224)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense, prescindir do persoal funcionario público que estaba a prestar servizo nese centro e non recuperalo unha vez que se produza a súa reapertura, así como para non exixir a titulación de educador ou educadora social para a intervención no proceso socioeducativo cotián

[89699](#)**I 28019 (10/PRE-008225)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á demanda ao Ministerio de Fomento da reparación da estrada N-540, a mellora do estado do firme e a remodelación da súa sinalización, así como a reforma e reparación dos tramos Guntín-Vendas de Narón e A Barrela-Taboada, e as actuacións levadas a cabo ao respecto

[89702](#)**I 28026 (10/PRE-008226)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense, as razóns da demora na execución das obras para a súa reforma e acondicionamento e o seguimento pola consellaría dalgún plan para consensuar coa comunidade educativa ou cos colexios profesionais do sector as condicións de funcionamento necesarias para a súa reapertura, así como o establecemento das canles de diálogo co seu persoal orixinal

[89706](#)**I 28036 (10/PRE-008227)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen**

Sobre a composición da delegación que acompañou o director xeral do IGAPE na súa viaxe a Poissy o 20 de setembro de 2017, a data de retorno, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe

[89710](#)**I 28037 (10/PRE-008228)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen**

Sobre a composición da delegación que acompañou o director xeral do IGAPE na súa viaxe a San Petersburgo o 18 de setembro, a data de retorno, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe

[89713](#)

I 28038 (10/PRE-008229)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen**

Sobre a composición da delegación que acompañou o director xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático na súa viaxe a Bonn entre o 15 e o 17 de novembro de 2017, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe

[89716](#)**I 28039 (10/PRE-008230)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen**

Sobre a composición da delegación que acompañou a directora xeral de Pesca na súa viaxe a Cabo Verde entre os días 18 e 21 de outubro de 2017, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe

[89719](#)**I 28040 (10/PRE-008231)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen**

Sobre a composición da delegación que acompañou o secretario xeral de Emigración na súa viaxe a Chile entre o 10 e o 12 de novembro, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe

[89722](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de marzo de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 27621 (10/PRE-008175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Ministerio do Interior para mellorar as condicións de traballo do persoal que presta servizos nos cárceres radicados na comunidade autónoma, así como para a transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de asistencia sanitaria á poboación recluída neles

- 27664 (10/PRE-008176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para evitar a perda de poder adquisitivo polos pensionistas galegos no ano 2018

- 27679 (10/PRE-008177)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a inclusión polo Goberno galego no Plan Emprega en feminino dalgunha medida específica para o aumento do emprego industrial das mulleres e, se é o caso, o prazo previsto para o seu impulso, a contía da súa execución orzamentaria ata a data, así como as actuacións destinadas á mellora da empregabilidade feminina postas en marcha ao abeiro dese plan

- 27681 (10/PRE-008178)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o concurso convocado pola Consellería de Política Social para a contratación, por importe de 500.000 euros, IVE engadido, do desenvolvemento dunha campaña de difusión institucional das políticas sociais da Xunta de Galicia destinadas ás persoas maiores no ano 2018

- 27683 (10/PRE-008179)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para dotar o Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios

- 27690 (10/PRE-008180)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a situación en que se atopa a aprobación definitiva do Plan especial de protección e ordenación do conxunto histórico-artístico de Sargadelos e, se é o caso, a data da súa publicación e o seu lugar de consulta

- 27694 (10/PRE-008181)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para deter a baixada que presenta o autoemprego feminino en Galicia na última década

- 27707 (10/PRE-008182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa fenda existente na contía das pensións entre mulleres e homes, a avaliación do seu impacto na economía a medio prazo e as medidas adoptadas ou que vai levar a cabo para procurar unha suba significativa da contía media das pensións do colectivo feminino, así como as xestións realizadas ante o Goberno central ao respecto

- 27711 (10/PRE-008183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para reducir o impacto na economía galega da fenda salarial existente entre mulleres e homes, así como as medidas adoptadas para favorecer a transparencia salarial

- 27724 (10/PRE-008184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa presenza de pais e nais de alumnos acompañados de avogados ou avogadas nas entrevistas que se desenvolven nos casos de corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia escolar, a súa opinión referida á procedencia de adoptar algún tipo de medida de apoio ante estas situacións, así como a actuación pola Xunta de Galicia nalgún procedemento contencioso-administrativo a consecuencia dalgún recurso contra a resolución dalgún procedemento corrector

- 27728 (10/PRE-008185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á construción e ao remate da residencia para a terceira idade anunciada no núcleo da Chan-Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, a data de inicio polo Concello do proceso de expropiación das parcelas, das vías de acceso, da ampliación da EDAR e do plan especial de dotacións, así como as razóns da elección da fórmula de concesión administrativa para a execución das obras e a xestión do centro

- 27747 (10/PRE-008186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de aprobación dunha nova lei estatal de vivenda e as demandas ao respecto da Coordinadora Galega de Stop Desafiuzamentos/Plataforma de Afectados pola Hipoteca, así como as súas valoracións en relación co incremento dos desafiuzamentos en Galicia no ano 2017

- 27763 (10/PRE-008187)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o cumprimento do disposto no artigo 78 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, na obra realizada na parroquia de Furelos, no concello de Melide, no contorno do Camiño Francés a Santiago, e na ponte románica sobre o río Furelos

- 27797 (10/PRE-008188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a denuncia por acoso presentada por unha actriz galega contra o director dun programa da TVG

- 27803 (10/PRE-008189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a incidencia da demora da Xunta de Galicia no desenvolvemento da plataforma que debería permitir a reserva dos novos pases de acceso ás Illas Cíes nas expectativas económicas do sector turístico e doutros servizos vinculados, a avaliación do seu impacto económico, así como os prazos previstos para a súa posta en marcha

- 27806 (10/PRE-008190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia en relación cos problemas medioambientais e de salubridade que están a ocasionar as deficiencias existentes no funcionamento da estación depuradora de augas residuais de Ribeira, as medidas previstas para solucionarlas e o prazo estimado para o remate da súa reparación

- 27811 (10/PRE-008191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os riscos que presentan para as persoas as arpas de elaboración caseira que están a utilizar os apicultores como sistema de loita contra a avespa *velutina*, así como os datos ao respecto

- 27813 (10/PRE-008192)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre as medidas e actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a protección ambiental da ría de Foz ante a tramitación do proxecto de instalación dun embarcadoiro no espigón de San Cosme, no concello de Barreiros

- 27816 (10/PRE-008193)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luís

Sobre a realización polo Goberno galego do estudo comprometido para a execución de melloras no Porto Chico, de Foz, ou, se é o caso, o prazo estimado para ese fin, e as súas previsións respecto da dotación das partidas orzamentarias necesarias para a mellora do seu calado e abrigo, así como dalgunha praza de amarre máis aos portos desa localidade no ano 2018, ademais das 40 proxectadas

- 27818 (10/PRE-008194)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luís

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da axilización da reparación do firme da estrada N-642 entre Barreiros e San Cibrao, a redacción urxente do proxecto para a rehabilitación do tramo entre Porto e Ribadeo, así como a execución no ano 2018 das melloras máis urxentes na Rede estatal de estradas na provincia de Lugo e a información que posúe en relación co proxecto de autovía A-74

- 27821 (10/PRE-008195)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as denuncias e queixas referidas ao suposto trato denigrante a persoas recluídas na penitenciaría de Teixeiro

- 27835 (10/PRE-008196)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as razóns da demora da Consellería do Medio Rural no libramento do 40 % das axudas concedidas para loitar contra a praga da couza guatemalteca da pataca

- 27843 (10/PRE-008197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa presenza e co uso da lingua galega no ensino universitario, o desenvolvemento dalgún estudo ao respecto e, se é o caso, a evolución que presentan nos últimos anos, así como as medidas adoptadas para o seu impulso, de conformidade coa normativa vixente en materia lingüística

- 27855 (10/PRE-008198)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención da demanda do Concello da Estrada referida á construción dunha residencia pública para persoas maiores asistidas, así como o au-

mento do numero de prazas de residencia para a terceira idade nese municipio e as súas estimacións en relación coas necesidades na materia na comarca da Estrada-Deza ata o ano 2020

- 27861 (10/PRE-008199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á conexión do polígono industrial de Nantes, no concello de Sanxenxo, coa estación depuradora de augas residuais de Dena, no concello de Meaño, así como o inicio da separación da canalización das augas residuais e pluviais que chegan a ela e as medidas que vai adoptar para o normal funcionamento desa depuradora

- 27866 (10/PRE-008200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da situación en que se atopa o Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e as súas previsións referidas ao incremento do seu cadro de persoal

- 27868 (10/PRE-008201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre as razóns da demora e os prazos estimados polo Goberno galego para o efectivo inicio e remate das obras de construción da rotonda comprometida no punto quilométrico 1.900, da estrada PO-404, para facilitar o acceso á EDAR de Guillarei, no concello de Tui

- 27875 (10/PRE-008202)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación de illamento en que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, a consecuencia do corte físico da estrada OU-0807 pola Deputación Provincial de Ourense, o seu posible impacto para a poboación, así como as súas previsións respecto da colaboración financeira coa Deputación para o arranxo desa estrada

- 27878 (10/PRE-008203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para non cubrir a praza vacante por xubilación da profesora de Linguaxe Musical e Educación Auditiva no Conservatorio Profesional de Música de Ourense, o prazo previsto para ese fin e as consecuencias que vai ter para o alumnado levar máis dun mes sen recibir clases desas materias, así como as medidas que vai adoptar para evitar esta situación no futuro

- 27882 (10/PRE-008204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre os prazos previstos para a posta en marcha polo Goberno central do Complexo de San Francisco, en Ourense, que vai conter, entre outros espazos, a futura Biblioteca Nodal e o Arquivo Histórico Provincial, así como para o traslado a ese complexo da actual biblioteca pública situada na rúa do Concello, a garantía polo Goberno galego da cesión ao Ateneo de Ourense dun espazo para o desenvolvemento da súa actividade no edificio en que se atopa na actualidade esa biblioteca e, se é o caso, as súas características técnicas

- 27889 (10/PRE-008205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego referidas ao establecemento de axudas para as persoas maiores de 65 anos con menos recursos para o pagamento dos gastos de mantemento ou subministracións básicas dunha vivenda en réxime de propiedade

- 27895 (10/PRE-008206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para a publicación dos resultados do proceso selectivo publicado no DOG do 7 de marzo de 2016 para o ingreso na categoría 003 (ordenanza e outras) do grupo V, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, de prazos reservadas para a súa cobertura por persoas que acreditasen discapacidade intelectual, así como para a incorporación das persoas seleccionadas aos postos de traballo

- 27896 (10/PRE-008207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa a redacción do proxecto básico e de execución da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, así como a data prevista para o inicio da ampliación da zona de urxencias do centro

- 27900 (10/PRE-008208)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a convocatoria e as persoas asistentes á xuntanza levada a cabo o 13 de febreiro de 2018 no Parador de Turismo de Monforte polo secretario xeral de Cultura e a directora xeral de Patrimonio cos alcaldes dos concellos lucenses afectados pola incoación do expediente para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural

- 27903 (10/PRE-008209)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para elixir o modelo de xestión privada para o centro menores de Montealegre, en Ourense, así como da demora na súa reapertura, a titulación que se vai requirir para a cobertura das prazas de educador ou educadora social e o prazo previsto para a aprobación definitiva da Estratexia galega para a infancia e a adolescencia

- 27927 (10/PRE-008210)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as características técnicas que se van establecer e, en concreto, os valores máximos de inclinación da rasante en ramplas ou pendentes previstos para a conversión da estrada Brión-Noia en autovía

- 27931 (10/PRE-008211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para valorar positivamente os datos da enquisa de poboación activa referidos ao ritmo de creación de emprego en Galicia, en relación co resto do Estado, no cuarto trimestre do ano 2017, as políticas activas de emprego desenvolvidas para favorecer o crecemento da poboación ocupada en Galicia e o seu mantemento no ano 2018 ou, se é o caso, as modificacións que vai introducir e os resultados que persegue

- 27932 (10/PRE-008212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o cronograma de actuacións que está a manexar a Xunta de Galicia para a efectiva execución da autovía Brión-Noia

- 27933 (10/PRE-008213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da posta en servizo da autovía Brión-Noia no ano 2022

- 27934 (10/PRE-008214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización do proxecto e obra da autovía Brión-Noia por tramos, e se é o caso, os datos ao respecto

- 27935 (10/PRE-008215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as razóns da vinculación da realización da autovía Brión-Noia á execución do desdoblamento do corredor do Morrazo, que aínda non foi adxudicada na súa totalidade

- 27936 (10/PRE-008216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre os datos referidos ao investimento que vai destinar a Xunta de Galicia ao desdoblamento da estrada Brión-Noia en autovía

- 27950 (10/PRE-008217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da proposta referida ao medio ambiente, así como á eficiencia enerxética, reflectida no informe do Consello Económico e Social de Galicia titulado *Por unha alianza do sector industrial: 50 propostas*, e as súas previsións respecto do deseño no ano 2018 dunha nova normativa que estimule as empresas a usar enerxías máis limpas e a consumir menos recursos cara a unha estratexia de reutilización dos residuos industriais

- 27959 (10/PRE-008218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non levar a cabo todos os pagos pendentes das axudas correspondentes á praga de couza guatemalteca da pataca e o prazo previsto para ese fin

- 27964 (10/PRE-008219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as axudas e subvencións concedidas, así como os convenios de colaboración subscritos pola Xunta de Galicia con diversas empresas do sector da automoción, desde o ano 2009

- 27967 (10/PRE-008220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para buscar unha saída ao conflito laboral do persoal do servizo de mantemento e seguridade industrial do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, e os mecanismos que está a empregar para o seguimento do cumprimento do prego de condicións do contrato, así como para avaliar a estimación do seu custo económico

- 27977 (10/PRE-008221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para atender as demandas da cidadanía, expresadas nas rúas o día 8 de marzo de 2018, e as súas previsións respecto da solicitude ao Goberno central da comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller, así como a ampliación do seu número ás sete principais cidades de Galicia

- 27992 (10/PRE-008222)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para incrementar a edición de libros en galego e, en particular, a dos destinados á poboación máis nova

- 28008 (10/PRE-008223)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para cumprir o artigo 15 da Lei 52/2007 e retirar o nome da «Rúa do Caudillo» en Beade (Ourense)

- 28014 (10/PRE-008224)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense, prescindir do persoal funcionario público que estaba a prestar servizo nese centro e non recuperalo unha vez que se produza a súa reapertura, así como para non exixir a titulación de educador ou educadora social para a intervención no proceso socioeducativo cotián

- 28019 (10/PRE-008225)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á demanda ao Ministerio de Fomento da reparación da estrada N-540, a mellora do estado do firme e a remodelación da súa sinalización, así como a reforma e reparación dos tramos Guntín-Vendas de Narón e A Barrela-Taboada, e as actuacións levadas a cabo ao respecto

- 28026 (10/PRE-008226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense, as razóns da demora na execución das obras para a súa reforma e acondicionamento e o seguimento pola consellaría dalgún plan para consensuar coa comunidade educativa ou cos colexios profesionais do sector as condicións de funcionamento necesarias para a súa reapertura, así como o establecemento das canles de diálogo co seu persoal orixinal

- 28036 (10/PRE-008227)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a composición da delegación que acompañou o director xeral do IGAPE na súa viaxe a Poissy o 20 de setembro de 2017, a data de retorno, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe

- 28037 (10/PRE-008228)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a composición da delegación que acompañou o director xeral do IGAPE na súa viaxe a San Petersburgo o 18 de setembro, a data de retorno, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe

- 28038 (10/PRE-008229)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a composición da delegación que acompañou o director xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático na súa viaxe a Bonn entre o 15 e o 17 de novembro de 2017, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe

- 28039 (10/PRE-008230)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a composición da delegación que acompañou a directora xeral de Pesca na súa viaxe a Cabo Verde entre os días 18 e 21 de outubro de 2017, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe

- 28040 (10/PRE-008231)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a composición da delegación que acompañou o secretario xeral de Emigración na súa viaxe a Chile entre o 10 e o 12 de novembro, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

As restricións de persoal e a falta de traslados son factores principais que teñen incrementado as dificultades que se viven no Sistema Penitenciario e que afectan ao persoal que desenvolve o seu traballo neste ámbito. O progresivo envellecemento dos cadros de persoal (un total de 23.000 empregados públicos) que incrementa as taxas de xubilación e de pases a segunda actividade (materia por certo sen regulamentación dende hai 17 anos) incrementa o deterioro dos parámetros de funcionamento dos nosos centros penitenciarios.

Ademais, as relacións de postos de traballo do Sistema Penitenciario presentan un 15 % de vacantes sen cubrir (uns 3.000 postos de traballo), que por outra parte veñen sendo obxecto de rotacións temporais mediante comisións de servizo que non permiten manter unha estrutura estable de traballo.

Así, a Administración Penitenciaria (dependente do Ministerio do Interior cando antes estaba adscrita ao de Xustiza, decisión de Goberno que reflicte distintos modelos de política penitenciaria) é un dos sectores máis opacos da nosa Administración pública.

A privatización dalgúns servizos non só ten afectado a actividades “instrumentais” (lavandería ou mantemento) senón tamén a servizos neurálxicos do Sistema Penitenciario como é a seguridade, que ao abeiro da Lei de seguridade privada permite ser prestada por empresas deste sector que pasan a se encargar da vixilancia do perímetro dos centros penitenciarios, unha política de seguridade que non deixa de crecer coas novas licitacións da Secretaría de Estado de Seguridade.

Por outra parte, o servizo de saúde que se presta aos internos é claramente deficiente; con un 15% de prazas sen cubrir no persoal sanitario deste sector hai centros nos que non se está podendo realizar os recoñecementos médicos

Grupo Parlamentario

establecidos por lei ou que durante os fins de semana queden sen servizo médico, sendo unha constante a dispensación de medicamentos para toda a semana dunha soa vez e sen que haxa control sanitario da súa dosificación.

Encóntrase así a institución penitenciaria nunha situación límite de precariedade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As organizacións sindicais están a demandar a necesaria equiparación interna entre os funcionarios dos centros penitenciarios que realizan o mesmo traballo, mediante a homologación dos distintos centros que responden a unha clasificación que obedecía a un contexto social e de política penitenciaria de hai 30 anos que ten mudado de forma substancial.

Así, e polo que corresponde a Galicia, onde prestan servizos preto de 2.000 funcionarios de institucións penitenciarias, os centros de Teixeiro e A Lama están encadrados na categoría 1.1, cando os de Monterroso, Bonxe e Ourense son centros de categoría 2.2, o que determina que os funcionarios adscritos a estes centros galegos de distinta categoría perciben retribucións distintas para funcións análogas, ben de intervención, sanitaria, burocrática ou de vixilancia.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que actuacións ten desenvolvido o Goberno galego perante o Ministerio do Interior para mellorar as condicións de traballo do persoal que presta servizos nos centros penitenciarios radicados en Galicia?

2ª) Que medidas ten adoptado o Goberno galego perante o Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma da asistencia sanitaria á poboación reclusa nas institucións penitenciarias radicadas en Galicia?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2018 18:34:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2018 18:34:31

Julio Torrado Quintela na data 08/03/2018 18:34:38

Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2018 18:34:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

As pensións públicas teñen constituído e constitúen na actualidade os ingresos principais para un gran número de cidadáns e cidadás no noso país. Na actualidade existen máis de 750.000 pensións en Galicia, dentro dos máis de 9,5 millóns de España. A contía media desas pensión en Galicia son das máis baixas de España, situándose nunha media un 15 % inferior.

Pese a todo, as pensións se teñen evidenciado, nestes anos de crise, como un dos elementos vertebradores da sociedade, principalmente para moitas das áreas territoriais de Galicia onde constitúen a principal fonte de ingresos de moitos fogares.

Cabe recordar que o Goberno de España, do Partido Popular, iniciou a súa acción de goberno coa aplicación de varias medidas regresivas dirixidas a atentar contra a dignidade dos pensionistas, entre as que poden enumerarse:

- A aprobación do Real decreto-lei 16/2012, que establece o chamado “*copago farmacéutico*” e que supón que os pensionistas teñan que aboar parte do prezo dos medicamentos.
- O endurecemento das condicións de acceso á xubilación, coa aprobación de Real decreto-lei 5/2013, de 15 de marzo, que supuxo a ruptura do consenso alcanzado nesta materia a través da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.
- A reforma unilateral do sistema público de pensións levada a cabo pola Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e o índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, que afectou, por unha banda, á contía das pensións que se xeren a partir de 2019 e, por outra, o sistema de revalorización, establecendo unha modalidade de actualización das contías das pensións que impoñen unha

Grupo Parlamentario

perda de poder adquisitivo dos pensionistas e, polo tanto, o seu empobrecemento.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende finais de 2016 e durante 2017 revalorizándose as pensións nun 0,25 % anual, pero os prezos incrementáronse moi por riba desa porcentaxe, resultando unha perda significativa do poder de compra das persoas pensionistas.

Pese a esta situación alarmante, o Goberno central non ten adoptado ningunha medida que permita asegurar o poder adquisitivo dos pensionistas, así como tampouco lograr o reequilibrio a corto e medio prazo da situación financeira da Seguridade Social. Máis ben todo o contrario o ter practicamente esgotado a denominada “hucha das pensións”, que ascendía a 67.000 millóns de euros cando o Sr. Rajoy accedeu á Presidencia do Goberno central.

Resulta pois xa urxente anticipar medidas de reforzo da estrutura dos ingresos de modo que se garanta un axeitado financiamento e sostibilidade do sistema de pensións, mantendo uns niveis dignos de cobertura, de tal xeito que se poda acadar a garantía de suficiencia na revalorización das pensións, sendo necesario que se tomen medidas para reparar a situación actual de insuficiencia de ingresos da Seguridade Social. Neste sentido é preciso que se convoque á Mesa do diálogo cos interlocutores sociais e acorden as medidas a remitir á Comisión de Seguimento e Valorización do Pacto de Toledo para artellar de forma urxente as fórmulas que permitan restablecer o equilibrio entre ingresos e gastos da Seguridade Social.

Mentres estas medidas non se acaden debese paralizar e suspender o índice de revalorización previsto legalmente, pois o dito índice, nun contexto de inflación positiva, non garante o poder adquisitivo das pensións, senón máis ben o contrario.

Non deixa de ser unha falla de respecto e unha fraude ás persoas pensionistas a actitude do Goberno do Partido Popular que, de xeito reiterado, proclamaba que nunca as pensións durante o seu goberno terían unha mingua retributiva, cando hoxe se constata esa redución real.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso a maior parte dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados (agás o Partido Popular e Ciudadanos), así como as organizacións sindicais, subscribiron unha Proposición de lei para garantir a suficiencia da revalorización das pensións e de medidas urxentes de reequilibrio orzamentario da Seguridade Social. Non obstante, o Goberno do Partido Popular bloqueouna, forzando unha interpretación capciosa da Lei e evitando así que os pensionistas poidan recuperar o seu poder adquisitivo e que se adoptaran medidas dirixidas a sanear o déficit.

Non caben escusas que xustifiquen aprazar a toma de decisións que permita a revitalización, a estabilidade e a sostibilidade do sistema de pensións; a recuperación do poder adquisitivo dos pensionistas; a suficiencia das pensións e, por suposto, a solidariedade interxeracional, territorial e sectorial que debe retornar ao sistema de protección social.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que as pensións galegas deben perder capacidade adquisitiva no ano 2018?

2ª) Adoptou ou pensa adoptar ao respecto algunha medida ou actuación?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/03/2018 19:35:26

Noela Blanco Rodríguez na data 09/03/2018 19:35:33

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/03/2018 19:35:40

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

En xuño de 2017 o Presidente Feijóo anunciou o lanzamento do Plan Emprega en Feminino, co obxectivo de reducir a taxa de paro das mulleres galegas, fixándose a cifra de 46.000 paradas menos en 2020.

Dito plan contaría con 100 millóns de euros de orzamento ata 2020, a razón de 25 millóns de euros por ano, marcando como obxectivos o aumento da taxa de emprego feminino en dous puntos, acadar o 75% das mulleres asalariadas con contrato indefinido, especialmente na industria, e elevar até o 21% a taxa de emprego autónomo nas mulleres.

Do Plan Emprega en Feminino semella que a única medida activada en 2017 se reduce a 2 millóns de euros especificamente destinados a plans de emprego de mulleres paradas, dentro da convocatoria de subvencións de programas integrados de emprego (*ORDE do 11 xullo de 2017*): o 2% do plan anunciado.

Malia representar as mulleres o 52% das persoas galegas en idade de traballar, sofren unha taxa de paro superior á dos homes (15,21% fronte a 14,25%, no último trimestre de 2017), e unha taxa de emprego inferior (41,37% nas mulleres e 49,36% nos homes). A taxa de temporalidade das mulleres galegas en 2017 acadou o 28,7%, tendo aumentado nos últimos anos tanto en termos absolutos



como en relación á taxa de temporalidade masculina, 3,5 puntos inferior en 2017. En 2017, a industria só ocupaba a 49.000 mulleres galegas, fronte a 121.300 homes, sendo o sector con salarios máis elevados e cunha maior fenda salarial.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Que previsións ten a Xunta para aplicar o Plan Emprega en Feminino?
- Ten a Xunta, dentro deste Plan, algunha medida específica para o aumento do emprego industrial feminino? De ser así, cal e cando ten previsto impulsala?
- A canto ascende a cantidade executada do Plan Emprega en Feminino a data de hoxe?
- Que actuacións destinadas á mellora da empregabilidade feminina se teñen posto en marcha ao abeiro de dito Plan?
- Como valora a Xunta o aumento da taxa de temporalidade feminina?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Paula Vázquez Verao na data 12/03/2018 10:14:47

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

No DOG do 18 de febreiro de 2018, publícase unha resolución da Consellería de Política Social pola que se convoca a contratación suxeita a regulación harmonizada do servizo para o desenvolvemento dunha campaña de difusión institucional das políticas sociais da Xunta de Galicia destinadas ás persoas maiores no ano 2018.

A descrición do servizo é a seguinte: “realización dunha campaña de promoción da imaxe do colectivo de persoas maiores como «Os Maiores Activos de Galicia» e a difusión dos programas, servizos, recursos e prestacións que a Xunta de Galicia ten á súa disposición.”

Para este fin estímase 454.545,45 €. O importe total será de 500.000 €, IVE engadido.

A campaña desenvolverase en medios públicos e privados, con spots en televisión, cuñas de radio e anuncios na prensa escrita máis difundida no País, ademais de banners nos medios dixital.

A Xunta xustifica este gasto de medio millón de euros en propaganda no “desafío que supón ter unha sociedade cun perfil de adulto sénior tan heteroxéneo e de gran valor”, sendo a campaña orientada a “difundir as políticas sociais da Xunta de Galicia destinadas ás persoas maiores”.



Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Non cre que para informar sobre as políticas sociais da Xunta dirixidas a maiores xa están as traballadoras e traballadores da Xunta e dos Servizos Sociais Comunitarios?
- Considera xustificado un gasto en propaganda de medio millón de euros?
- Non lle parece vergoñento gastar máis cartos en propaganda institucional que o destinado nos Orzamentos de 2018 ao CAPD de Ourense?
- Non lle parece vergoñento gastar máis cartos en propaganda institucional que o destinado nos Orzamentos de 2018 para os proxectos do Plan de loita contra a pobreza e exclusión social?
- Non lle parece vergoñento gastar máis cartos en propaganda institucional que o destinado nos Orzamentos de 2018 ao Programa de axudas para gasto farmacéutico?
- Non lle parece vergoñento gastar máis cartos en propaganda institucional que o destinado nos Orzamentos de 2018 ao convenio para o programa de apoio a persoas sen fogar?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/03/2018 10:28:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O persoal sanitario e non sanitario das urxencias do CHUS, leva xa moito tempo denunciando a situación total de descontrol e abandono na que se atopan estas urxencias.

Denuncian a falta de medios, tanto de persoal como de material, que provoca situacións de moitas tensión entre o persoal das urxencias que ve como ante a desidia da dirección do hospital, empeora a calidade asistencial repercutindo non só nas doentes e nos doentes, se non tamén nas condicións laborais e carga de traballo do propio persoal.

As ratios de pacientes que teñen son superiores ás que poden levar, pero esa circunstancia non impide que teñan as ratios de persoal máis baixas que hospitais cos que se poidan comparar como o CHUAC ou o CHUVI, que xa de por si, atópanse tamén bastante saturados e faltos de persoal.

En canto ao material, denuncia que están a traballar con aparatos de fai 20 anos, que dado o uso continuo ao que se someten en urxencias, atópanse nunhas condicións lamentables, que no mellor dos casos intentan ser solucionadas con reparacións e pezas de recambio, que nin de lonxe supoñen unha solución ao problema, pois volven a avariarse cada pouco tempo.

Pese ás reunión mantidas coa dirección e a xerencia, na que foron trasladadas as demandas mínimas que xa non podían adiarse máis, sendo recoñecido pola propia dirección a mala situación, as cuestións comprometidas seguen sen levarse



a cabo pese a existir partidas habilitadas para tal fin, segundo a información dada pola propia xerencia en maio do ano pasado, en relación a actualización do servizo de raios.

Esta situación de falta de inversión nas urxencias, resulta totalmente inadmisíbel tanto polo empeoramento da calidade asistencial da sanidade pública como das condicións laborais do persoal, sobre todo tendo en conta que a dirección e a xerencia son plenamente coñecedoras da situación denunciada.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Cando ten pensando o Goberno dotar dos medios materiais e humanos suficientes o servizo de urxencias do CHUS?
- Considera o Goberno que é normal ter ao persoal dun servizo de urxencias traballado cunha ratio de pacientes máis elevada da que poden soportar?
- Considera o Goberno normal non actualizar os equipos de electromedicina a pesar dos constantes fallos que están a dar?
- Cal é o motivo de non atender as demandas presentadas polas traballadoras e traballadores do centro?
- Non cree o Goberno que a saturación das urxencias nos hospitais vén dada pola falta de medios necesarios?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/03/2018 10:45:32

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

Na parroquia de Sargadelos, Concello de Cervo, localízase a fábrica de Cerámica de Sargadelos, creada por impulso de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, xunto aos restos das antigas factorías de fundición e louza fundadas polo marqués de Sargadelos, así como un museo. O conxunto foi declarado BIC no ano 2014, sendo publicado o Decreto no DOG o 22 de xaneiro de 2015.

O Museo Histórico de Sargadelos, na antiga Casa da Administración, forma parte da rede de Museos de Galicia.

No proceso de musealización foi redactado un plan director para o museo. O 5 de setembro do 2002, o Concello de Cervo acordou “aprobar inicialmente o Plan especial de protección e ordenación do conxunto histórico-artístico de Sargadelos, Concello de Cervo (Lugo)”. Sobre este plan, a Consellería de Cultura pide modificacións e alóngase no tempo a súa aprobación definitiva.

En 2008, a Consellería de Cultura sinala que a Dirección Xeral de Patrimonio informou favorablemente sobre o Plan e que, unha vez incluídas pequenas modificacións, o documento seguirá a tramitación no Concello.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta para a súa resposta escrita:



- Aprobouse definitivamente o Plan especial de protección e ordenación do conxunto histórico-artístico de Sargadelos?
- De terse aprobado dito plan de xeito definitivo, cando se publicou?
- De terse aprobado dito plan de xeito definitivo, onde se pode consultar?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/03/2018 12:54:42

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Segundo os datos da Federación Nacional de Asociacións de Traballadores Autónomos (ATA), na última década o autoemprego feminino medrou no conxunto do Estado un 2,2% (24.029 mulleres), mentres que o autoemprego masculino descendeu un 10,1% (233.000 homes). Non obstante, en Galicia a situación é ben distinta. Na nosa comunidade, o autoemprego feminino descendeu un 12,8% (12.900 mulleres) mentres que o autoemprego masculino retrocedeu só un 8,6% (11.773 homes).

A particular situación de Galicia, no que atinxe ao autoemprego feminino, débese, en gran medida, ao volume de mulleres que traballa no sector primario e no sector servizos. No sector primario as mulleres atopan moitas dificultades para darlle continuidade ao seu traballo, xa que o rural está cada día máis abandonado e o mar afronta moitas dificultades; e no sector servizos as tecnoloxías están desprazando as formas tradicionais de comercio e atención ao cliente.

Atopámonos, polo tanto, ante un problema que é de carácter estrutural. Estase a perder autoemprego feminino porque non se están tomando as medidas políticas axeitadas para protexelo ou para favorecer o seu axuste ás novas realidades do mercado.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:



- Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para deter a sangría do autoemprego feminino?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 12/03/2018 12:45:07

Marcos Cal Ogando na data 12/03/2018 12:45:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:23
Nº Rexistro: 27707
Data envío: 12/03/2018 13:23:24.567

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o impacto na economía galega da fenda existente entre as pensións de mulleres e homes no noso país e as medidas a adoptar.

Neste contexto, a preocupación pola contía das pensións así como pola súa viabilidade nas próximas décadas ten adquirido grande importancia nas inquiredanzas da sociedade e no debate público. Máis aínda, nun contexto no que os últimos dez anos de crise económica e de consolidación da precariedade terán consecuencias para milleiros de persoas unha vez rematada a vida laboral, xa que condiciona de por vida os ingresos das persoas inactivas, das pensionistas e xubiladas. Neste camiño son moitos os colectivos que presentan circunstancias que agravan a súa situación e cómpre dedicar especial atención ás consecuencias sobre as pensións das mulleres galegas da fenda salarial existente na súa vida laboral, que se agrava no caso das pensións.

A día de hoxe, a diferenza media entre as pensións das mulleres e as dos homes foi de 352,58 euros no ano 2016, último do que se teñen datos, o que se traduce nunha fenda do 36,8%. Se analizamos por tipo de pensión hai variacións importantes, salientando a excepcionalidade das pensións de viuvez (precisamente polas bases de cotización masculinas máis altas) pero podemos salientar como a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:23
Nº Rexistro: 27707
Data envío: 12/03/2018 13:23:24.567

maior fenda está nas pensións de xubilación (37,9%), o que supón un total de 394,65 euros menos brutos ao mes.

As pensións do futuro estarán determinadas polo mercado laboral actual. Neste sentido, as consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais teñen contribuído a profundar na desigualdade social e constátase como as súas consecuencias impactan de forma máis intensa sobre as mulleres, ocupando a maior parte da cota de traballo precario, temporal, parcial. Polo tanto, é preciso artellar medidas que transformen o actual mercado laboral e que palíen a situación xerada até o momento nas mulleres pensionistas galegas.

Por todo isto formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que medidas vai levar a cabo a Xunta de Galiza a respecto da fenda existente entre as pensións dos homes e as mulleres galegas?

-Ten avaliado ou vai avaliar o goberno galego o impacto na economía a medio prazo das baixas pensións das mulleres galegas?

-Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego para procurar unha suba significativa da contía media das pensións do colectivo feminino? Tense dirixido ao goberno central con este obxecto?

-Que medidas ten levado a cabo o goberno galego para influír positivamente na erradicación da fenda salarial laboral sobre as mulleres galegas e así mellorar a perspectiva das contías das súas pensións?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:23
Nº Rexistro: 27707
Data envío: 12/03/2018 13:23:24.567

-Que valoración fai o goberno galego de que as mulleres galegas que cobran unha pensión poidan superar o limiar da pobreza?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2018 13:19:01

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2018 13:19:06

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2018 13:19:11

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 13:19:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:23
Nº Rexistro: 27707
Data envío: 12/03/2018 13:23:24.567

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/03/2018 13:19:14

Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2018 13:19:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:46
Nº Rexistro: 27711
Data envío: 12/03/2018 13:46:04.382

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao impacto da fenda salarial na economía galega e as medidas a tomar.

As consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais teñen contribuído a profundar na desigualdade social. Máis aínda, conséntase como as súas consecuencias impactan de forma máis intensa sobre as mulleres. Deste xeito, malia o momento económico de superación do ciclo de recesión, na actualidade somos as mulleres quen ocupamos as peores porcentaxes de traballo precario, temporal, parcial e bolsas de traballo fóra da lei nun marco onde a lexislación e a inspección son aínda insuficientes. A taxa de paro das mulleres é aínda maior que a dos homes e dende que goberna Feijóo incrementouse en case 5 puntos, o que supón un incremento do 42%.

Segundo o informe *Situación laboral das mulleres en Galiza (ano 2017)* publicado pola Confederación Intersindical Galega en marzo de 2018, con base aos datos da Axencia Tributaria, durante o ano 2016 a fenda salarial entre homes e mulleres situouse no 22,3% en Galiza, dúas décimas máis que o ano anterior. Neste senso, tamén segundo o último informe publicado polo persoal técnico de Facenda (Gestha), baixo o título *Fenda salarial e teito de vidro*, a desigualdade entre as mulleres traballadoras e os homes está situada no 28,7% sendo a media estatal do 29,1. Malia as diferentes estimacións, estes e outros cálculos sitúan a fenda dos salarios nunha perda de máis de 4.000 euros ao ano para as mulleres. Esta situación é froito dunha maior temporalidade,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:46
Nº Rexistro: 27711
Data envío: 12/03/2018 13:46:04.382

parcialidade e precariedade laboral alén das consecuencias derivadas do mantemento e reprodución do rol patriarcal e machista que impón ás mulleres a asunción do coidado das crianzas e persoas dependentes.

Cómpre engadir tamén que esta desigualdade esténdese tamén ao ámbito do traballo non remunerado, na que o reparto das responsabilidades e de tarefas de coidados continúan recaendo máis sobre as mulleres do que sobre os homes. Así mesmo, a falta de desenvolvemento e cumprimento do marco legal vixente en materia de igualdade, repercute negativamente nesta situación.

A permanencia da fenda salarial é unha preocupación non só sindical e social de ámbito galego ou estatal, senón que internacionalmente e no marco europeo tamén ten ocupado as deliberacións de diferentes organismos. Neste sentido, en novembro de 2017 a Comunicación da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello e ao Comité Económico e Social Europeo a respecto do Plan de Acción da Unión Europea 2017-2019 Abordar a fenda salarial entre homes e mulleres recóllese a constatación de que *“As mulleres da UE, en todos os sectores da economía, gañan de media un 16 % menos que os homes. Esta fenda de xénero permaneceu estábel durante os últimos 5 anos. Co ritmo de cambio actual, só se pecharía ao inicio do próximo milenio. O recente estancamento presenta interrogantes sobre a necesidade de reforzar e adaptar as iniciativas existentes”*.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para reducir a discriminación económico-laboral das mulleres galegas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:46
Nº Rexistro: 27711
Data envío: 12/03/2018 13:46:04.382

-Que actuacións concretas avalía o goberno galego para reducir a fenda salarial?

-Ten avaliado o goberno galego as recomendacións emanadas dos organismos europeos? Tense dirixido ao Estado español para solicitar a súa incorporación? Ten explorado as posibilidades de incorporar algunhas delas no ámbito das competencias galegas?

-Que medidas ten impulsado o goberno galego para favorecer a transparencia salarial?

-Considera o goberno galego suficientes os estudos sobre a desigualdade das mulleres galegas? Ten pensado adoptar medidas para incrementalos?

-Ten avaliado a idoneidade de elaborar, en colaboración co Consello Económico e Social, o Consello Galego de Relacións Laborais e as universidades galegas un estudo sobre o impacto da fenda salarial na economía galega?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza a necesidade dunha exploración de propostas para intervir na desigualdade económica e laboral da muller galega en colaboración cos axentes sociais? Con que resultados?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:46
Nº Rexistro: 27711
Data envío: 12/03/2018 13:46:04.382

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2018 13:43:18

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2018 13:43:23

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 13:43:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/03/2018 13:43:27

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2018 13:43:29

Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2018 13:43:31

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar regula na nosa comunidade autónoma, entre outros aspectos, a corrección das condutas contrarias á convivencia escolar.

Tal e como se incide na exposición de motivos do dito Decreto, “introdúcese o termo de corrección ou medida correctora coa pretensión de subliñar que os procesos de corrección non constitúen unicamente a consecuencia do exercicio da potestade sancionadora da Administración senón que, fundamentalmente, forman parte do desenvolvemento educativo do alumnado”.

Queda fóra de toda cuestión que a finalidade das medidas é educativa e non punitiva, é dicir, coa finalidade de castigar a conduta.

Non obstante, en determinados supostos esas medidas requiren a instrución dun expediente administrativo, xa que así o establece o artigo 37.1 ao estipular que “No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 deste decreto deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV do presente título”.

Como tal procedemento, os seus aspectos veñen determinados, ademais de no Decreto 8/2015, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pese á existencia dunha guía para os centros dispoñible na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a aclaración existente, dada a aparente contradición, sobre que o carecer de natureza

Grupo Parlamentario

sancionadora [o procedemento corrector], tratándose dun proceso propiamente educativo, as medidas correctoras impostas, de conformidade coa Lei 4/2011, son inmediatamente executivas, este grupo parlamentario ten coñecemento da presenza, cada vez máis frecuente, de pais e nais de alumnado obxecto deste tipo de procedementos acompañados de avogados ou avogadas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O feito de que a tramitación administrativa estea encomendada o profesorado e que este, en xeral, non é experto en tramitación administrativa, leva necesariamente a un escenario de incerteza cando ese profesorado debe interactuar con expertos no asunto.

Tamén se teñen detectado casos de procedementos que son anulados na xurisdición contencioso-administrativa por defectos formais, o que supón que os docentes que instrúen e os propios centros sofren un dobre castigo, ao verse cuestionados dende o punto de vista educativo e tamén como tramitadores do procedemento.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da presenza de pais e nais acompañados de avogados ou avogadas nas entrevistas que se desenvolven nos casos de corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia, que valoración fai dese feito?

2ª) Considera que é procedente adoptar algún tipo de medida de apoio ante estas situacións?

3ª) Ten actuado a Xunta de Galicia nalgún procedemento contencioso-administrativo como consecuencia dalgún recurso contra a resolución dalgún procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, de ser o caso, cal foi o resultado?

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/03/2018 14:05:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/03/2018 14:05:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Segundo informacións periódicas, no núcleo de A Chan-Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) o Goberno da Xunta de Galicia ten previsto facer unha residencia para a terceira idade en 2 anos dende a concesión, previos plan especial de dotacións e informe ambiental estratéxico autonómico, posto que o chan é rústico de protección agrícola. Di o Goberno galego que se trata dun núcleo consolidado e cunha posición xeográfica central, no que irá un edificio con planta baixa e primeira, ocupando 3304 metros cadrados dunha superficie total de parcela de 8262 metros cadrados.

Ata aquí perfecto, mais:

1. Sobre as prazas que van ser dotadas, non queda claro se van ser 50 ou 100, pois tampouco se clarexa se haberá 1 ou 2 fases.
2. Previamente, é preciso un plan especial por parte do concello, cómpre iniciar un proceso de expropiación das parcelas e dos viais de acceso e, antes de comezo da obra ou simultaneamente aos traballos, probablemente será precisa a ampliación da edar.
3. A fórmula escollida para a execución das obras e a xestión da Residencia será a da concesión administrativa, é dicir, será de carácter privado.

Por último, os custos van ser repartidos entre o concello (73 048 euros) e a futura empresa concesionaria (uns 3,1 millóns de euros).

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando prevé o Goberno galego ter rematada a residencia para a terceira idade no núcleo de A Chan-Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade?
2. Ten noticia o Goberno galego de cando vai iniciar o Concello o proceso expropiatorio das parcelas e dos viais de acceso, a ampliación da edar e o plan especial de dotacións?
3. Entende o Goberno que será preciso un informe ambiental estratéxico previo, ao se tratar de chan é rústico de protección agrícola?
4. Cantas fases terá a obra?
5. Cantas prazas terá a residencia?
6. Por que a fórmula escollida para a execución das obras e a xestión da Residencia será a da concesión administrativa? Non lle gusta ao Goberno a xestión pública?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/03/2018 14:08:58

Noela Blanco Rodríguez na data 12/03/2018 14:09:04

Julio Torrado Quintela na data 12/03/2018 14:09:09



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 12/03/2018 14:09:14

María Luisa Pierres López na data 12/03/2018 14:09:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 16:57
Nº Rexistro: 27747
Data envío: 12/03/2018 16:57:21.104

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A vivenda segue a ser un dereito recoñecido na lexislación estatal e internacional que na práctica se converteu nun ben inaccesíbel para amplos sectores da sociedade. O alto prezo da vivenda –tanto na venda como no aluguer–, a baixada dos salarios, a precariedade laboral, a escasez de vivenda da promoción pública, o fracaso de medidas como o programa de vivendas baleiras son algunhas das causas dun grave problema social agravado na última década como consecuencia da “crise”.

Mentres unha maioría social non pode acceder a unha vivenda en propiedade e ten difícil acceder a unha vivenda en aluguer, seguen os desafiuzamentos de persoas que non poden facer fronte aos pagamentos. Segundo o informe “Efectos da crise económica nos órganos xudiciais”, publicado polo Consejo General del Poder Judicial, no 2017 houbo en Galiza 2.493 lanzamentos ou desafiuzamentos hipotecarios, un 4,6% máis có ano anterior. Das estatísticas dedúcese que están a incrementarse os desafiuzamentos por falta de pagamento de aluguer.

Cómpre polo tanto unha mudanza radical nas políticas públicas de vivenda, mediante un conxunto de medidas que teñen que incluír a aprobación dunha nova lei



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 16:57
Nº Rexistro: 27747
Data envío: 12/03/2018 16:57:21.104

estatal de Vivenda que recolla as demandas dos colectivos encadrados na Coordinadora Galega de STOP/PAHs.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Comparte o goberno galego a necesidade dunha nova lei estatal de vivenda?

-Comparte o goberno galego a demanda deja coordinadora galega de STOP/PAH?

-Como valora o goberno galego o incremento de desafiuzamentos en Galiza no 2017?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 16:57
Nº Rexistro: 27747
Data envío: 12/03/2018 16:57:21.104

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2018 16:56:01

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2018 16:56:07

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 16:56:08

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/03/2018 16:56:10

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2018 16:56:11

Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2018 16:56:13

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Na parroquia de Furelos, Concello de Melide, realizouse unha obra non de mera rehabilitación, senón que conleva obra nova no entorno do Camiño Francés a Santiago e da ponte románica sobre o Furelos.

A obra, con licencia municipal de febreiro de 2017, corresponde á “reforma e ampliación de vivenda unifamiliar”.

O artigo 77 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galiza, sinala que “obras e actividades no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago serán compatibles coa conservación e protección dos seus valores propios, e como criterio xeral deberán manter as características principais do territorio que conforman, o que supoñerá preferentemente o mantemento dos núcleos tradicionais e das actividades agropecuarias e forestais. “

Ademais, o artigo 78 indica que está prohibido no entorno dos Camiños de Santiago, “nos tramos non urbanos, calquera tipo de actividade construtiva, con excepción das que resulten necesarias para o acondicionamento, a conservación ou a protección dos Camiños de Santiago ou das que respondan ás características tradicionais do ámbito polo que discorren os Camiños. Excepcionalmente, mediante resolución expresa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, poderán autorizarse edificacións compatibles formal, ambiental e funcionalmente co valor cultural dos Camiños.”



Polo exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte pregunta escrita:

- Cumpre a obra na parroquia de Furelos, Melide, con licencia municipal n.º 7 de 4 de febreiro de 2017, co disposto no artigo 78 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/03/2018 17:50:48

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Grupo Parlamentario Socialista coñecía recentemente, a través da publicación dunha nova no xornal dixital “Sermos Galiza”, que a actriz galega Iria Pinheiro denunciara ante o Xulgado de garda de Santiago de Compostela ao director do programa da TVG “Con amor e compañía”, José Luis Viñas Orta, por acoso sexual. Segundo a información, a denuncia fai referencia a uns feitos ocorridos entre marzo e xuño de 2017, cando a actriz traballou neste programa da TVG. Na súa demanda, Pinheiro asegura ter vivido numerosas situacións de acoso sexual, que segundo ela mesma relata, foron continuas, sentíndose “menosprezada polo mero feito de ser muller”. Ante as súas negativas e rexeitamentos, o director do programa actuaba “*con desdén e con humillacións públicas*”. A situación fíxose insostible e a finais de xuño Iria Pinheiro decidiu deixar o programa por “*non obter garantías de que ía cambiar a situación*” por parte da produtora.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñecía a CRTVG o presunto caso de acoso sexual sufrido pola actriz galega Iria Pinheiro?
2. En caso afirmativo, que actuacións se realizaron ao respecto?
3. Estableceu a CRTVG medidas provisionais para que o denunciado non traballe en, ou para a compañía pública?
4. Unha vez coñecida a denuncia, abriu a CRTVG algún tipo de investigación interna ao respecto?
5. Conta a CRTVG cun protocolo de actuación en caso de abuso e /ou acoso sexual, ou outras formas de violencia contra a muller?
6. En caso afirmativo, informouse do mesmo ao persoal ao servizo da CRTVG, así como a todos aqueles que establecen unha relación contractual coa compañía pública?

 Grupo Parlamentario

7. Que medidas ten previsto poñer en marcha a CRTVG para mellorar na detección e tratamento de presuntos casos de acoso e/ou abuso sexual ás traballadoras?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 13/03/2018 09:44:12

María Luisa Pierres López na data 13/03/2018 09:44:18

María Dolores Toja Suárez na data 13/03/2018 09:44:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/03/2018 09:44:28

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Vimos de coñecer polos medios de comunicación que a quince días do comezo da Semana Santa, a Xunta de Galicia aínda non desenvolveu a plataforma que debería permitir reservar os novos pases de acceso ás illas Cíes.

Mentres, na praia de As Catedrais (Ribadeo), o outro recurso turístico que obriga a dispor dun permiso da Consellería de Medio Ambiente xa se tiñan obtido en torno as 15.000 entradas para a Semana Santa.

Outro agravio máis para a cidade de Vigo e a súa actividade económica, neste caso o turismo. É absolutamente normal o malestar do sector servizos da cidade de Vigo polas perdas que este retraso significará no seu volume de actividades.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente o departamento de Turismo da Xunta de Galicia deste feito que prexudica as expectativas económicas do sector turísticos e doutros servizos vinculados?
2. Comparte a preocupación do sector servizos de Vigo polo retraso na posta en marcha deste mecanismo de control no acceso ás illas Cíes?
3. Ten establecido algún contacto coa Consellería de Medio Ambiente para axilizar esta situación?
4. Cal foi o resultado destes contactos?
5. Te avaliado co sector o impacto económico deste retraso?

 Grupo Parlamentario

6. Que prazos manexa o Goberno galego para poñer en marcha este sistema de acceso?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/03/2018 10:08:10

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/03/2018 10:08:15

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No ano 2014, a sociedade estatal ACUAES iniciaba a obra dunha EDAR, no marco dun convenio entre os gobernos do Estado e da Xunta de Galicia, financiada con fondos Feder. A partir de entón, os problemas co emisario submarino, do mal funcionamento dos tanques de tormenta, dos sifóns e dos vertidos ao mar de lixo e de augas non debidamente depuradas, deu lugar a centos de denuncias dos afectados, iniciativas no Parlamento, mocións no concello de Ribeira e outras accións, todas elas derivadas dos problemas de salubridade que o do mal funcionamento da EDAR en probas. Non se pode esquecer que desembocan nunha zona sita entre os parques naturais de Corrubedo e das Illas Atlánticas. Informes técnicos sobre a EDAR din que se observan medicións moi altas de sulfhídrico nas estacións de bombeo e que, nalgúns casos, se sitúan fóra de rango.

De acordo cun comunicado feito polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, o 20 de febreiro deste ano, ACUAES, vai poñer en marcha nos próximos meses unha segunda fase de medidas para combater a xeración de malos cheiros que consistirá na extensión das mesmas medidas implantadas na arquetas AR0 e AR1 ao resto de elementos á rede que presentan problemas de acumulación de aire e cheiros, e o reforzo dos sistemas de desodorización implantados nos tanques, aumentando a súa capacidade de tratamento e incorporando novos sistemas naqueles puntos onde non se proxectou inicialmente.

Tendo en consideración dúas cuestións, por un lado que o prazo de execución é de seis meses e por outro que deberán esperar a que acabe o verán para inicialas. Polo que estaríamos xa no primeiro trimestre do ano 2019.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, indica que se está a seguir o tema moi de preto e que non se recibirá a obra ata que haxa plena garantía do seu correcto funcionamento. Pero o certo é que a situación non está

Grupo Parlamentario

mellorando senón que se está agravando, así como os problemas de saúde da veciñanza de Ribeira.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestacións ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) É coñecedor o Goberno galego da situación na que se atopa a día de hoxe a EDAR de Ribeira, en canto a que sigue a causar graves problemas de saúde para a veciñanza?

2ª) Que xestións ten realizado o Goberno galego para mellorar a situación?

3ª) Que medidas correctivas vai levar a cabo o Goberno galego polo mal funcionamento da EDAR de Ribeira?

4ª) Cando estima a Xunta de Galicia que estará solucionada a situación coa EDAR de Ribeira?

5ª) Como valora que o horizonte para solución dos problemas sexa o ano 2019?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 13/03/2018 11:32:32

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/03/2018 11:32:48

Raúl Fernández Fernández na data 13/03/2018 11:33:00

María Luisa Pierres López na data 13/03/2018 11:33:09

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Todos somos coñecedores do gran problema que supón a velutina para o noso rural e en especial para os produtores de mel. É unha batalla de contrarreloxo que precisa de todos os recursos económicos e materiais ao noso alcance para loitar contra esta praga.

Un deses medios utilizados polos apicultores son as arpas, que están salvando a moitos deles. O problema está en que as arpas, ao ser unha medida caseira non está homologada nin lexislada, e no momento en que haxa algún accidente serán retiradas, porque as arpas levan alta tensión e son perigosas no seu manexo (funcionan como os mosquiteiros dos bares).

Moitas delas son feitas na casa, polo que resultan aínda máis perigosas xa que na súa elaboración utilízanse bobinas de coches, de microondas ou con calquera condutor de corrente que se teña á man.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia de que algúns apicultores utilizan as arpas (de elaboración caseira), como sistema de loita contra a vespa velutina?

2ª) É coñecedora a Xunta de Galicia do perigo que pode ter para as persoas a utilización das arpas (de elaboración caseira), en caso afirmativo, que medidas vai adoptar ao respecto?

3ª) Ten a Xunta de Galicia datos relativos á cantidade de arpas que están en funcionamento en Galicia?

 Grupo Parlamentario

4ª) Ten a Xunta de Galicia datos sobre quen manexa estas arpas de fabricación caseira, e se contan coas medidas de seguridade apropiadas para o seu uso?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/03/2018 11:42:52

José Antonio Quiroga Díaz na data 13/03/2018 11:43:02



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No BOP número 48 de 28/02/2018 publícase o acordo para someter a exposición pública o Proxecto para a instalación dun embarcadoiro na ría do Masma , en San Cosme de Barreiros (Barreiros, Lugo), do Concello de Barreiros.

Dito proxecto consiste na instalación dun embarcadoiro de madeira, de 24 m de longo por 3 m de ancho, ancorado en dous pilotes de 508 mm de diámetro, que sobresaíría do actual espigón de San Cosme.

Así, dito embarcadoiro situaríase nunha zona de fluxo continuo das mareas, con alta incidencia das correntes, que se constitúe a única canle de paso en marea baixa.

Na documentación do proxecto, non existe estudo de impacto ambiental nin estudo sobre as posibles afectacións da instalación á hidrodinámica da ría.

A ría de Foz está declarada Zona Rede Natura 2000, acto referendado mediante acordo do Consello da Xunta de 2 de abril de 2004, polo cal a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, esixe, no artigo 7, apartado 2b, a avaliación de impacto ambiental simplificada para os proxectos que poidan afectar de forma apreciable, directa ou indirectamente, a este espazo protexido.



Por outra parte, non se albisca que autoridade vai garantir o cumprimento dos usos autorizados para o embarcadoiro, ao carecer o Concello de Barreiros de Policía Local.

En Marea considera necesaria a instalación dun embarcadoiro na ría do Masma, para uso de embarcacións, tanto do lado de Barreiros coma de Foz, pero entende que debe gardar todas as garantías ambientais e de vixilancia do correcto uso das instalacións.

Polo exposto, o deputado e deputada que subscriben presentan as seguintes Preguntas:

- 1.^a) Que medidas ten previsto a Xunta para garantir, ante o proxecto dun embarcadoiro do espigón de San Cosme, a protección ambiental na ría de Foz?
- 2.^a) Vai a Xunta esixir ao Concello de Barreiros o estudo de impacto ambiental do proxecto, de cara a realizar a avaliación de impacto ambiental esixida?
- 3.^a) Considera a Xunta que está garantida a vixilancia do bo uso do embarcadoiro?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/03/2018 12:20:07

Paula Vázquez Verao na data 13/03/2018 12:20:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita.

O chamado “Porto Chico”, ou peirao de Tupide, en Foz, que sirve de porto deportivo, precisa melloras urxentes ante a falta de calado e as malas condicións de abrigo.

As embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante os temporais, optando mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro.

A Asociación A Ribeira, de Foz, ten presentado ante a Consellería do Mar un proxecto de mellora do Porto Chico, consistente en modificar o espigón, de xeito que, ademais, melloraría a seguridade da praia de Tupide, pois actualmente as embarcacións acceden ao porto por diante da praia, con situacións de perigo para bañistas.

A Consellería do Mar comprometeuse, na primavera de 2017, coa asociación de Foz a facer os estudos necesarios para acometer ditas melloras.

Por outra parte, recentemente a Consellería do Mar anunciou a creación de 1011 novas prazas de amarre nos muelles autonómicos, entre os cales se inclúe o de Foz, tendo en conta a ampliación de prazas acometida dende 2016.



Polo exposto, a deputada e deputado que subscriben, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Realizou a Xunta o estudo prometido sobre as melloras no Porto Chico de Foz?
- De ser negativa a resposta: cando vai proceder a Xunta a estudar ditas melloras?
- Ten previsto a Xunta dispor partidas orzamentarias para acometer as melloras de calado e abrigo necesarias no Porto Chico de Foz?
- Ten previsto a Xunta a dotación dalgunha praza de amarre máis nos portos de Foz neste ano 2018, a maiores das 40 previstas?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/03/2018 12:09:33

Luis Villares Naveira na data 13/03/2018 12:09:41

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita.

En toda a provincia de Lugo, cunha amplísima rede viaria, a rede estatal presenta deficiencias en canto á conservación, situación que aumenta a perigosidade.

No caso da Mariña, as vías N-634, N-640 e N-642 están deterioradas, especialmente esta última na variante de Foz.

Segundo Fomento, pola N-642 circulan cada día unha media de 11.000 vehículos, que poden chegar a 15.000 en verán. Entre San Cibrao e Barreiros esta estrada está inzada de fochancas, para as que Fomento só ten contemplado parcheos, que non solucionan o problema, constituíndo o tramo un serio risco para a seguridade viaria.

Nunha recente resposta a En Marea no Congreso dos Deputados, Fomento informa que se ten executado unha obra de reparación do firme nalgúns tramos da N-642 entre finais de 2015 e inicios de 2016, cun orzamento dun millón de euros aproximadamente, e que está aprobado un proxecto para a reparación estrutural e superficial do firme en todos os tramos, de Barreiros a San Cibrao, cun orzamento de 3 millóns de euros aproximadamente, así como redactar un proxecto para a rehabilitación do tramo entre Porto e Ribadeo.



A vía, na actualidade, continúa con problemas e é moi perigosa. O pasado sábado, 3 de marzo, un cento de persoas cortou esta vía para protestar polo lamentable estado da mesma.

Para substituír a esta estrada, Fomento prevé unha autovía –a A-74-, para a cal consigna escasas partidas ata 2019.

Polo exposto, os deputados que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta para a súa resposta escrita:

1 – Vai a Xunta esixir ao Goberno de España a axilización da reparación estrutural e superficial do firme da N-642 entre Barreiros e San Cibrao?

2 – Vai a Xunta esixir ao Goberno de España a redacción urxente do proxecto para a rehabilitación do tramo entre Porto e Ribadeo.

3 – Que información ten a Xunta a respecto do proxecto de Autovía A-74?

4 – Vai a Xunta esixir ao goberno do Estado que acometan en 2018 as melloras máis urxentes na rede estatal de estradas na provincia de Lugo?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/03/2018 12:23:15

Luis Villares Naveira na data 13/03/2018 12:23:25

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

Esculca tennos trasladado que os seus servizos xurídicos presentaron unha queixa (o 29 de xaneiro de 2018) ante a oficina do Defensor del Pueblo en relación á situación dun preso no CP de Teixeiro (A Coruña) por violación dos dereitos fundamentais consagrados no art. 10 (dignidade), 15 (integridade física e moral) e 17 (seguridade) da CE de 1978.

En dita queixa, Esculca refire diferentes situacións denigrantes que o preso citado afirma ter padecido no centro penitenciario, tales como insultos, golpes ou cacheos arbitrarios, así como denegación das pertinentes curas, situacións que terían sucedido o 21 de xaneiro de 2018 no módulo de illamento de Teixeiro.

Nos últimos tempos, o preso atópase nunha grave situación a nivel psicolóxico.

Entre 1999 até a actualidade foron continuas as denuncias e queixas presentadas por presos internos no CP de Teixeiro sobre trato denigrante.

No ano 2016, o Comité para a Prevención da Tortura do Consello de Europa visitou varias cárceres do Estado español, incluído o penal de Teixeiro. Resultado de dita visita, o CPT realizou un informe no que manifesta a súa preocupación por feitos graves dos que tivo coñecemento e pide explicacións ao Estado español por un posible “patrón de malos tratos”. Tamén sinala que, a



respecto do rexistro sistemático de lesións por parte dos servizos sanitarios, “hai unha falta de rexistro e notificación das lesións en todos os centros visitados”.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Tense interesado a Xunta polas denuncias e queixas de trato denigrante referidas ao CP de Teixeiro?
- Que medidas ten solicitado a Xunta ao Goberno de España en relación ás denuncias e queixas de trato denigrante referidas ao CP de Teixeiro
- Coñece a Xunta o informe do Comité para a Prevención da Tortura do Consello de Europa sobre as cárceres do Estado español, visitadas en 2016? Que opinión lle merece?
- Ten coñecemento a Xunta da queixa de Esculca perante a oficina do Defensor del Pueblo, sobre unha denuncia dun preso de Teixeiro?
- Que vai facer a Xunta ante esta nova denuncia sobre malos tratos no CP de Teixeiro?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/03/2018 14:01:48

A MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**, sobre as axudas a afectadas e afectados pola comprometidas pola couza guatemalteca da pataca.

O ano pasado o Ministerio de Agricultura prohibiu plantar patacas durante dous anos nos 31 concellos galegos infectados pola polilla guatemalteca, un organismo orixinario de Centroamérica que chegou a Europa no ano 1999 e a Galicia no 2015. O obxectivo da prohibición era erradicar a praga para evitar que chegase ás áreas produtoras de Bergantiños e A Limia e recuperar a normalidade nas plantacións danadas. Os concellos afectados foron Ferrol, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, A Capela, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Ortigueira, Mañón, As Pontes, Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Ourol, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e A Pontenova.

Como compensación pola obriga de cesar a súa actividade, Medio Rural comprometeuse a ofrecer axudas ás persoas que sufriran perdas por mor da polilla. Non obstante, un ano máis tarde o 40% das axudas aínda están pendentes de pago. Dos 168.000 euros adxudicados, faltan case 65.000 por entregar.



As plantacións de patacas son fundamentais para moitas das familias que viven do campo, polo que a praga da polilla supón un auténtico drama para elas. Non hai escusa que xustifique que a Xunta de Galicia prolongue aínda máis a súa difícil situación dilatando a entrega das axudas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta escrita:

Por que aínda non se entregaron o 40% das axudas comprometidas para loitar contra a praga da polilla que afecta a 31 concellos produtores de pataca?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araújo,
Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/03/2018 17:14:15

Paula Quinteiro Araújo na data 13/03/2018 17:14:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 27843
Data envío: 13/03/2018 17:55:16.408

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre usos lingüísticos docentes no ensino superior en Galiza.

No anunciado Plan de excelencia do SUG o Goberno da Xunta de Galiza prevé introducir unha serie de medidas entre as que se atopa a creación de grupos en determinadas titulacións académicas nos que o 80% dos créditos obrigatorios sexan impartidos en inglés.

Esta medida, a implementar no curso 2018/2019, pon o foco na realidade sociolingüística galega e os usos lingüísticos docentes que actualmente se dan no noso país.

Neste senso, só a USC a través do seu Servizo de Normalización Lingüística elabora de maneira anual un informe sobre os usos lingüísticos docentes. Nos gráficos correspondentes ao curso 2017/2018 evidénciase que a presenza da lingua galega nas aulas por parte do profesorado é minoritaria (23%) fronte ao castelán (74,9%) en todos os niveis, isto é, nos graos e nos mestrados.

Alén diso, a UDC ten publicado, no ano 2005, un estudo titulado O galego na Universidade da Coruña tamén arredor do uso da lingua propia do país. Ao igual que no caso anterior, o estudo reflicte que apenas o 9% do persoal docente e investigar



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 27843
Data envío: 13/03/2018 17:55:16.408

se dirixe ao alumnado en galego da mesma maneira que o alumnado declara maioritariamente preguntar só en castelán nas aulas (77%).

Esta realidade non é nova. No Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) xa se sinalaba como debilidade o feito de ser o ensino superior un espazo moi castelanizado e moi refractario á presenza normal da lingua. Razón pola cal o Plan prevé unha serie de medidas encamiñadas a normalizar o uso do galego neste espazo.

– 2.1.41. Crear unha comisión estable, coa participación da Xunta de Galicia e das universidades galegas, que se encargue de propoñer e coordinar a política lingüística universitaria en Galicia.

– 2.1.42. Incrementar a edición e difusión de bibliografía en galego nas diferentes áreas de coñecemento, especialmente no caso das materias dos primeiros cursos universitarios.

– 2.1.43. Promover a edición de vocabularios, glosarios e dicionarios nas áreas de coñecemento nas que persisten carencias significativas.

– 2.1.44. Promover a edición de libros científicos en galego, tanto edicións orixinais coma traducións doutros idiomas.

– 2.1.45. Insistir, desde os servizos lingüísticos das universidades, na oferta de cursos de formación en lingua galega, con especial atención ás necesidades lingüísticas das distintas áreas de coñecemento e ás necesidades do alumnado e profesorado foráneo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 27843
Data envío: 13/03/2018 17:55:16.408

– 2.1.46. Establecer, de acordo coas universidades, o voluntariado lingüístico universitario.

Así pois, malia que a Xunta de Galiza ten claras as medidas que adoptará para promover o uso do inglés no ensino superior, descoñecemos se pensa desenvolver algunha para que a lingua galega goce tamén de maior prestixio e uso no ámbito académico.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que valoración fai o Goberno galego da presenza e uso da lingua galega na universidade?
- Cales cre son as razóns para un baixo uso da lingua galega na docencia?
- Ten desenvolvido o Goberno galego algún estudo sobre usos lingüísticos no ensino superior alén dos datos que ofrece algunha das universidades galegas?
- De ser así, cal é a evolución do uso nos últimos anos? Aumenta ou redúcese?
- Que medidas ten adoptado o Goberno galego para promover o uso do galego, de acordo co Plan Xeral de Normalización Lingüística e a Lei de Normalización Lingüística?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 27843
Data envío: 13/03/2018 17:55:16.408

- Cre a Xunta de Galiza que a progresiva implantación do inglés pode restar espazos á lingua galega no ensino superior?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2018 17:53:10

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2018 17:53:15

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2018 17:53:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2018 17:53:18



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 27843
Data envío: 13/03/2018 17:55:16.408

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2018 17:53:19

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2018 17:53:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No Concello da Estrada a Xunta dispón dunha residencia de atención á terceira idade con 40 prazas, para persoas con autonomía.

O pleno do Concello da Estrada aprobou por unanimidade o 2 de novembro de 2017, a petición do grupo municipal “Móvete”, reclamar á Xunta unha residencia de atención a persoas maiores dependentes, de xestión pública, na Estrada, que dea servizo tanto ao Concello como a toda a comarca, unha petición respaldada por 1500 sinaturas da veciñanza estradense. Ademais, o Concello dispón de terreos para unha infraestrutura destas características.

O alcalde da Estrada fixo declaracións en relación á posta a disposición dun terreo municipal para a construción dunha residencia por parte dunha empresa privada, engadindo que considera que é suficiente que esta conte cunha porcentaxe reservada de prazas concertadas.

En Galicia hai unha lista de agarda de persoas maiores para residencias da terceira idade públicas que oscila nos últimos anos entre 1500 e 2000 prazas, aínda tendo as residencias da terceira idade prazas vacantes.

O índice de cobertura de prazas de residencias para persoas maiores en Galicia é moi inferior ao do resto do Estado, sendo a rateo de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 ou máis anos de 3,2, fronte ao 4,3 da media estatal, sendo a



quinta Comunidade Autónoma do Estado cunha rateo máis baixa. Neste eido, afóndase nun modelo privatizador: Galiza é a CA con maior porcentaxe de prazas privadas no conxunto das prazas de residencias da 3ª idade (un 67% son prazas privadas, cando no conxunto do Estado as prazas públicas pasan do 50%) e estas prazas costan de media un 8% máis que unha praza pública xestionada directamente.

O Concello da Estrada ten 20.700 habitantes (2017), dos cales máis do 27% teñen máis de 65, tendo unha taxa de avellentamento que supera a media galega, mentres a taxa de fertilidade está en 1,21 fillos/as por muller.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia para a súa resposta escrita:

- Vai asumir a Xunta a reivindicación unánime do Pleno do Concello da Estrada para dispor no municipio dunha residencia pública para persoas maiores asistidas?
- Ten previsto a Xunta aumentar o número de prazas públicas de residencia da terceira idade no Concello da Estrada?
- Que necesidades en materia de atención á terceira idade identifica a Xunta na comarca da Estrada-Deza ata 2020?
- Ten constancia a Xunta dalgún proxecto de residencia privada na Estrada?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.



Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/03/2018 09:35:12

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A finais de 2014 (como en abril de 2011 e en outubro de 2013), a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o Tribunal de Xustiza da UE por non existir garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia, pola falla dun un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Mesmo a Comisión Europea solicitaba a imposición dunha sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en 17 cidades, entre elas, Santiago, Vigo e Ribeira. A Estación Depuradora de Augas Residuais de Dena (Meaño) atópase saturada no seu funcionamento. A pesares de ser anunciada inicialmente para dar servizo a unha poboación de algo máis de 30.000 habitantes, o seu funcionamento actual atende a unha poboación de algo menos de 20.000 pero dá problemas constantemente por unha cuestión de cantidade. Un dos problemas que contribúe a isto é a non separación de augas residuais e pluviais, o que ocasiona obturacións e colapsos dos mecanismos da EDAR. Os informes de Augas de Galicia así o indican, e alertan constantemente do estado límite da depuradora.

A estación depuradora, ademais, atópase próxima a unha zona considerada de especial conservación (ZEC) como é a ensenada de Os Pasales.

No entanto, o Concello limítrofe de Sanxenxo continúa na súa insistencia de conectar a esta depuradora o Polígono industrial de Nantes, o que provocaría o imposible funcionamento da EDAR. Dende a Xunta de Galicia non se rexeita esta intención, e véñense infraestimando os informes de Augas de Galicia, mantendo a incerteza sobre a conexión de dito polígono á EDAR, o que causaría un problema medioambiental grave, por non poder ser tratadas axeitadamente as

 Grupo Parlamentario

augas que chegaran á estación, coas consecuencias que tería xa de inicio sobre Os Pasales e, ademais, sobre o estado global do entorno.

As dúbidas que seguen a existir sobre a postura da Xunta de Galicia xeran preocupación entre as persoas veciñas da zona que se vén afectados e afectadas pola incapacidade da administración de solucionar o problema xa existente, e a ameaza de poder agravalalo considerablemente no caso de que se levara a cabo esa conexión co polígono industrial.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia conectar o polígono de Nantes coa EDAR de Dena?
2. Considera a Xunta de Galicia que o funcionamento actual da EDAR de Dena é satisfactorio? No caso de non selo, que medidas ten previsto tomar?
3. Recibiu a Xunta de Galicia algunha petición formal para estudar ou executar a conexión do polígono de Nantes coa EDAR de Dena? Cando?
4. Está a Xunta de Galicia tendo en conta a existencia dunha ZEC no entorno da depuradora de Dena e as consecuencias que pode ter para a zona que continúen ou se agraven os problemas coa EDAR?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar a separación de canalizacións de augas residuais e pluviais que chegan á EDAR de Dena?

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/03/2018 10:01:08



 **Grupo Parlamentario**

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2018 10:01:14

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 10:01:19

María Luisa Pierres López na data 14/03/2018 10:01:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación do servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago amosa unha evidente saturación e de moi alta demanda en relación ao número de persoal que o atende, ademais de atoparse cun déficit material que dificulta a súa capacidade de ofrecer unha calidade asistencial do nivel esixido.

O propio persoal do servizo vén reclamando, de maneira habitual, a necesidade de incrementar o cadro de persoal de recursos humanos e de mellorar a dotación material do servizo. Existen problemas que inciden claramente na perda de capacidade e calidade asistencial, como o deficiente número de padiolas para atender a pacientes que ten levado a ter paradas as ambulancias por non ter padiolas para levar, ou a imposibilidade de dispoñer de aparatos de uso frecuente e normal nun servizo de urxencias.

Nesas reivindicacións, o persoal do propio servizo ten presentado ante os órganos directivos procedentes do propio hospital unha proposta de incremento de persoal, atendendo aos mínimos posibles para conxugar esa necesidade coa restrición orzamentaria que se argumenta dende as posicións de xestión do sistema. A propia Dirección do centro ten compartido esta opinión e manifestou ter trasladado esta petición á Consellería de Sanidade, estando a favor das reclamacións do persoal.

Todas estas demandas, no entanto, non están a ser atendidas e o servizo de urxencias segue a atoparse ao límite da súa capacidade, sendo un problema asistencial nos días en que se eleva a demanda de atención pola chegada de pacientes.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia satisfactoria a situación do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago?
2. Ten constancia a Xunta de Galicia de que a Dirección do CHUS apoie a reivindicación de maior persoal para o Servizo de Urgencias do CHUS? Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o cadro de persoal para o Servizo de Urgencias do CHUS?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Xoaquín Fernández Leiceaga
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/03/2018 09:58:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 09:58:42

Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 09:58:48

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Xunta de Galicia vén anunciando avances no proxecto para a construción dunha rotonda de acceso á depuradora de Guillarei dende fai anos. É un proxecto que ten como obxectivo mellorar a seguridade viaria na zona, cunha actuación que consiste na transformación da intersección de acceso á depuradora nunha glorietta, no punto quilométrico 1+900 da estrada que une Guillarei e Salvaterra de Miño (PO-404).

Estamos a referirnos a unha obra comprometida cando se inaugurou a depuradora, no ano 2010, e que sigue sen levarse a cabo; e lamentablemente tampouco aparecen fondos nos orzamentos dos derradeiros anos. Un feito que se agrava polo voto en contra do Partido Popular as emendas que presentamos dende o Partido Socialista, ano tras ano, no debate dos orzamentos.

Resulta especialmente grave este retraso, por que o concello de Tui abordou xa fai máis dun ano a construción dunha obra complementaria a dita rotonda, cun notable esforzo financeiro, nun momento en que as políticas económicas do goberno do Sr. Rajoy teñen ata o de agora absolutamente afogados aos concellos en termos de financiación.

Agora, unha vez que se consumou a vergoñenta moción de censura na que se asinou un documento entre os participantes na mesma, comprometendo os partidos políticos concernidos, investimentos da Xunta de Galicia, as cousas parece que mudan. Unha auténtica vergonza en termos de calidade e transparencia democrática.

Nun acto claramente preelectoral, o alcalde de Tui fixo unha valoración moi positiva da obra a iniciar, tan demandada polos veciños e veciñas dende hai unha década.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que está priorizando axeitadamente as actuacións que pretenden resolver carencias na rede viaria autonómica co obxectivo de proporcionar unhas estradas cómodas e seguras á cidadanía?
2. Dende cando considera a Xunta de Galicia importante para a conectividade da zona a construción dunha glorieta, no punto quilométrico 1.900 da estrada que une Guillarei e Salvaterra de Miño (PO-404), para facilitar o acceso a EDAR de Guillarei (Tui)?
3. Cal foi, polo tanto, a causa do retraso dunha década na construción da mesma?
4. anuncio do inminente inicio da construción de dita rotonda, ten algunha relación co pacto entre o PP e outros partidos de Tui que permitiron a moción de censura?
5. Estaba esta obra incluída no acordo para levar adiante a moción de censura en Tui, asinado polo Partido Popular e outros partidos, que comprometía actuacións da Xunta de Galicia?
6. Considera o Goberno galego que esta maneira de proceder, mesturando intereses partidarios coas actuacións dun goberno de todos, garante uns niveis axeitados de calidade democrática?
7. Que prazo manexa a Xunta de Galicia para o inicio efectivo das obras?
8. Que prazo manexa a Xunta de Galicia para o remate efectivo das mesmas?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2018 10:04:12

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 10:04:22

María Luisa Pierres López na data 14/03/2018 10:04:28

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2018 10:04:32

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os veciños e veciñas de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, levan máis de vinte cinco anos coa estrada que leva as súas casas cortada ao tráfico, a OU-0807.

A pesar de que esta vía, de titularidade da Deputación de Ourense, leva cortada así como sinalizada a prohibición de circular pola mesma polo mal estado no que se atopa dende hai tempo, era a estrada pola que circulaban a diario ata o de agora, tanto as ambulancias, como o transporte escolar e de todo tipo de vehículos, e mesmo os propios veciños e veciñas.

Durante estes anos, a situación da estrada aínda se foi deteriorando máis, debido en gran medida a actividade das explotacións de lousa da zona así como a súa utilización a diario para ese tráfico pesado, ata que as choivas destas últimas semanas provocaron unha greta lonxitudinal no medio da calzada, existindo segundo afirman os técnicos no tramo final (o máis próximo a San Vicente de Leira), un alto risco de derrube. O pasado sábado a Deputación de Ourense realizou o corte físico desta estrada.

A alternativa que ofrecen é circular pola estrada de O Robledo, de titularidade municipal, que debido a súa elevada pendente así como ao firme e outras consideracións técnicas, non ofrece óptimas condicións de seguridade.

Dende a Deputación de Ourense afírmase que esta é unha solución provisional mentres non se leve a cabo a obra de recheo da vaguada, pero a veciñanza leva esperando máis de vinte anos a que a institución provincial realice esta obra.

 Grupo Parlamentario

Non parece dunha administración responsable, tanto sexa provincial como autonómica, ter a unha poboación illada (a maioría persoas maiores), e sen acceso por estrada, desentendéndose do que poida pasar por non ter a posibilidade de circular por unha estrada en condicións de seguridade.

Sabemos que se trata dunha obra que esixe un orzamento importante para unha Deputación, pero tamén sabemos que as diferentes administracións son solidarias no caso de asegurar servizos mínimos para os cidadáns administrados, que un acceso seguro as súas casas é algo básico, e que ademais o levan reivindicando os veciños e veciñas de San Vicente dende hai máis de 25 anos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de illamento no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense), debido ao corte físico da estrada OU-0807?
2. Que consecuencias cre o Goberno galego que pode ter para os veciños e veciñas de San Vicente de Leira, a maioría deles persoas maiores, o estado de illamento no que se atopan?
3. En caso de que se produza unha emerxencia, que vial se empregaría para acceder a esta poboación?
4. Púxose en contacto a Xunta de Galicia coa Deputación de Ourense, para estudar a posibilidade de colaborar para intentar solucionar esta situación?
5. Ten previsto o Goberno galego colaborar coa Deputación de Ourense para financiar o arranxo da estrada OU-0807 que chega ata a poboación de San Vicente de Leira?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 10:18:58



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 10:19:05

María Luisa Pierres López na data 14/03/2018 10:19:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2018 10:19:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Conservatorio Profesional de Música de Ourense é un centro de ensino, dependente da Consellería de Educación e Organización Universitaria, destinado á formación de futuros profesionais da música. Nel impártense as ensinanzas regradas de música dos graos elemental e profesional das especialidades de acordeón, canto, clarinete, clave, contrabaixo, fagot, frauta, frauta de bico, gaita galega, guitarra, oboe, órgano, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín e violonchelo.

Recentemente o Grupo Parlamentario Socialista coñecía que pais e nais do alumnado deste centro están a organizarse para pedir celeridade á Xunta de Galicia, xa que alertan de que os seus fillos e fillas non reciben a carga lectiva teórica dende que o pasado 31 de xaneiro se xubilara a profesora de Linguaxe Musical e Educación Auditiva, dúas das principais materias.

O alumnado de 2º e 3º do grao profesional do Conservatorio levan xa un mes sen clase destas materias, que se imparten dúas horas á semana, o que supón, que só reciben o 25 % da carga lectiva.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que motivo non se cubriu a vacante por xubilación da profesora que imparte Linguaxe Musical e Educación Auditiva no Conservatorio Profesional de Música de Ourense?
2. Cando ten previsto a Xunta de Galicia cubrir esta vacante?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Que consecuencias cre o Goberno galego que terá para o alumnado de Linguaxe Musical e Educación Auditiva levar máis dun mes sen recibir clases destas materias?
4. Cubríronse nos últimos oito anos todos os postos vacantes tanto definitivos como provisionais, no Conservatorio Profesional de Música de Ourense?
5. Que medidas ten previsto tomar o Goberno galego para que non volva a ocorrer esta situación?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 10:32:00

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 10:32:06

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/03/2018 10:32:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/03/2018 10:32:16

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No ano 1969, rematado o que en Ourense é coñecido como “edificio da Torre”, a caixa de aforros propietaria deste, e en compensación polos problemas urbanísticos xurdidos derivados da construción do mesmo, cedeu varias dependencias deste edificio, que foi declarado “edificio singular”, á cidade. Nun deses locais, na entreplanta, asentouse o Ateneo, cuxo aluguer pagaba primeiro o Ministerio de Información e Turismo, e posteriormente a Xunta de Galicia.

O Ateneo, nunha época na que o debilitamento da ditadura comezaba a ser patente, fomentou as actividades de oposición ao franquismo favorecendo a confluencia de diversos movementos de protesta, sendo dende os seus inicios un verdadeiro reduto para debater en liberdade, e un referente de tolerancia e diversidade. Este espazo aberto á sociedade aglutinou a persoeiros do mundo da cultura e da sociedade ourensán tan insignes coma os escritores Vicente Risco e Blanco Amor, o doutor Cabaleiro Goás, o pintor Xaime Quesada, ou aos políticos Celso Montero e Peña-Rey. Coa chegada da democracia o Ateneo mantivo a súa acción, formando parte da súa programación actividades culturais, roldas de prensa de plataformas cidadás, actos de solidariedade, debates políticos, ou actividades varias como campionatos de xadrez.

O ano 2010 marcou o comezo dun camiño complicado e complexo que chega ata o día de hoxe, cun futuro incerto para a supervivencia da entidade. Unha orde de desaloxo, froito de intereses urbanísticos e económicos ante a que a Xunta de Galicia reaccionou con resignación e complicidade, obrigaba ao Ateneo a abandonar os seus locais históricos, o que supoñía ter que asumir un custo ata entón inexistente: o pago dun aluguer. Finalmente en novembro do ano 2011 prodúcese o desaloxo do espazo que viña ocupando tradicionalmente esta institución.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tras idas e vindas, o Ateneo instalouse finalmente, compartindo local co Club de Tenis de Ramirás, quen lles cedeu parte das instalacións. Pero en 2014, o baixo no que se atopa foi posto á venda, e cando esta se produza, se os novos donos non permiten ao Ateneo continuar, a entidade enfrontarase, con toda probabilidade, ao final do seu camiño, xa que lle resultará moi difícil atopar outro espazo cuxo custo poida asumir.

Neste contexto, o 9 de marzo de 2016 aprobouse na Comisión 4.^a, de Educación e Cultura unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, segundo a cal se chegaba ao seguinte acordo:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a consultar co Ministerio de Facenda do Estado Español o rexistro de locais baleiros de titularidade pública, para que se abra un proceso de negociación encamiñado a dotar dun local ao Ateneo de Ourense para que continúe coa súa actividade sen ánimo de lucro garantindo que os contactos se produzan no prazo máximo dun mes”.

Posteriormente, preguntado polo Grupo Parlamentario Socialista no Pleno do Parlamento de Galicia sobre a situación no que se atopaban as negociacións para dotar ao Ateneo de Ourense dun local, o conselleiro de Cultura afirmaba que “o 20 de abril a consellería recibira unha notificación da Delegación de Economía e Facenda onde se comunicaba que, tendo en conta as características do espazo demandado e tendo en conta o inventario de bens que tiña a Axencia Tributaria, a axencia estatal en Ourense non dispuña de locais baleiros adecuados ás necesidades demandadas”, ao tempo que recoñecía que “existen locais, pero agora hai que ver se eses locais que existen compren os requisitos demandados e comunicados por parte da directiva á consellería”.

O Ateneo de Ourense recibía unha notificación de desaloxo do local provisional que ocupaban ata entón, que tiña que abandonar antes do día 10 de abril do ano 2017.

Xerouse entón en Ourense un movemento social en defensa do Ateneo de Ourense que desembocou na creación dunha plataforma cidadá para

 Grupo Parlamentario

evitar o peche desta entidade senlleira da cidade, que fixo que as institucións reaccionaran ás demandas da cidadanía comprometéndose a que unha vez se complete o traslado da Biblioteca Pública de Ourense a San Francisco, o Goberno galego procedería a reordenar o edificio da rúa Concello e cederlle un espazo. Para solucionar esa fase transitoria, a Deputación puxo a disposición da asociación as dependencias do centro cultural Marcos Valcárcel, que é no que se atopa na actualidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece a Xunta de Galicia cando ten previsto o Goberno de España poñer en marcha o complexo de San Francisco, situado en Ourense, que entre outros espazos conterà a futura Biblioteca Nodal e o Arquivo Histórico Provincial?
2. Cando ten previsto levarse a cabo o traslado da actual biblioteca pública de Ourense, situada na rúa Concello, ao complexo de San Francisco?
3. Garante o Goberno galego que unha vez se materialice o traslado da actual biblioteca pública de Ourense, situada na rúa Concello, ao complexo de San Francisco, cederá un espazo ao Ateneo de Ourense para que este poida desempeñar a súa actividade?
4. En caso afirmativo, cales serían as características técnicas dese espazo?
5. Ten coñecemento a Xunta de Galicia de se a Deputación de Ourense ten previsto, ata que se realice este traslado, que o ateneo de Ourense poida ocupar as dependencias do centro cultural Marcos Valcárcel, que é no que se atopa na actualidade?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Concepción Burgo López

Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 10:20:10

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 10:20:16

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/03/2018 10:20:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/03/2018 10:20:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 9 de marzo o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou o Real decreto 106/2018, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Dentro das actuacións encamiñadas a axudar ás persoas maiores de 65 anos, o Goberno decidiu suprimir a axuda de ata 200 euros ó mes para aqueles pensionistas que tiveran unha vivenda en propiedade e necesiten axuda para facer fronte ós gastos de mantemento, comunidade ou subministración -luz, auga, gas...- da vivenda.

De feito, as axudas ó pago de subministracións básicas, no novo plan, se circunscriben a fogares que teñan sufrido un desafiuizamento, e estas axudas deberán ser aportadas polas administracións locais.

Unha decisión que chama a atención, cando no primeiro borrador do plan, o Ministerio de Fomento establecía que poderían beneficiarse desta axuda máxima aquelas persoas maiores de 65 anos que tiveran unha casa en propiedade-e esta fose a súa residencia habitual e permanente-, un patrimonio inferior a 100.000 euros e uns ingresos inferiores a tres veces o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) que está fixado actualmente en 7.519 (14 pagas), polo que estaría limitado a uns ingresos máximos de 22.558 euros.

Galicia conta con preto de 237.000 fogares compostos só por persoas de 65 anos ou máis, e deses, uns 138.000 son propiedades en réxime de tenza.

E ademais 300.000 son os galegos e galegas de máis de 65 anos que declaran ter dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes.

A estas cifras, súmaselle o insuficiente incremento das pensións ano a ano, que pouco axuda a que esta circunstancia de empobrecemento paulatino se palíe adecuadamente. A diferenza doutros colectivos, as persoas maiores de 65 anos e pensionistas, non teñen opción de mellorar a súa condición económica, salvo por razóns meramente excepcionais.

E ter unha vivenda en propiedade nin sequera é un respiro no total dos casos, debido ó aumento importante dos gastos que carrega o mantemento dunha vivenda (luz, auga, gas, lixo, IBI, comunidade, calefacción, ...), con maior incidencia nos fogares unipersoais de mulleres, por ser estatisticamente o perfil con pensións máis baixas.

Por todo o exposto, e considerando a especial vulnerabilidade de parte deste colectivo, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Tendo sido formuladas axudas para o colectivo de maiores de 65 anos e con poucos recursos económicos, no primeiro borrador do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e finalmente retiradas do último texto aprobado, contempla este Goberno fomentalas dende a Administración autonómica?
2. Comparte este Goberno a idea de que son moitos os fogares de maiores de 65 anos, e especialmente de mulleres, que a pesares de ter vivenda en propiedade pasan igualmente serias dificultades para chegar a fin de mes?
3. En relación con isto último, contempla o Goberno autonómico a idea de implantar algún tipo de axuda para axudar ós gastos de mantemento, comunidade ou subministración básicas da vivenda que ocupan en réxime de propiedade os maiores de 65 anos cun nivel de ingresos baixo? En caso afirmativo, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/03/2018 11:30:56

Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 11:31:02

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 11:31:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2018 11:31:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 11:45
Nº Rexistro: 27895
Data envío: 14/03/2018 11:45:29.111

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á demora na publicación do resultado da OPE para persoas con discapacidade intelectual celebrado en abril de 2017.

O DOG do luns, 7 de marzo de 2016, publicaba a orde pola que se convocaba proceso selectivo para o ingreso na categoría 003 (ordenanza e outras) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, en prazas reservadas para ser cubertas por persoas que acreditasen discapacidade intelectual.

As probas de selección celebráronse a primeiros de abril de 2017 e consistiron en 2 cuestionarios, un de 25 preguntas con 3 respostas, outro de 10 preguntas con 3 respostas, segundo consta no portal www.funcionpublica.xunta.gal.

A día de hoxe, e vai para un ano, non se coñecen os resultados dos exames, coa conseguinte preocupación das persoas que neles participaron, persoas con discapacidade, que, como é sabido, teñen poucas oportunidades de acceso a traballos, e menos a traballos fixos.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 11:45
Nº Rexistro: 27895
Data envío: 14/03/2018 11:45:29.111

-Cal é razón pola que non se coñecen os resultados das citadas probas selectivas?

-Cando se prevé que se coñezan os resultados?

-Cando se prevé que se incorporen aos seus postos as persoas que resultaron seleccionadas?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/03/2018 11:40:58

Ana Pontón Mondelo na data 14/03/2018 11:41:03



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 11:45
Nº Rexistro: 27895
Data envío: 14/03/2018 11:45:29.111

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/03/2018 11:41:04

Olalla Rodil Fernández na data 14/03/2018 11:41:05

Noa Presas Bergantiños na data 14/03/2018 11:41:07

Xosé Luis Bará Torres na data 14/03/2018 11:41:08

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF) como o do Naval veñen amosando necesidades que foron demandadas sucesivamente por colectivos e grupos políticos. De todo o procedemento necesario para a dotación de novos espazos e servizos ao complexo hospitalario, soamente foi realizado o Plan funcional, mentres que en período pre-electoral (finais de agosto de 2016) convocouse a licitación da redacción do Plan director e o proxecto do CHUF, con dotacións económicas xenéricas que xeran desconfianza sobre a realidade que vai ser desenvolvida.

O 27 de abril de 2017 despois do Consello da Xunta de Galicia o seu presidente pola mañá anunciaba en rolda de prensa e pola tarde presentaba no salón de actos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF), a posta en marcha da ampliación do hospital, coa adxudicación da redacción do Plan director, que incrementará a capacidade para hospitalización.

Ademais do Plan director tamén se adxudicaba a redacción do proxecto básico e de execución dos dous edificios, que recollen as aportacións e suxestións dos profesionais e usuarios do CHUF.

Á espera de que se concreten estes plans os servizos de urxencias seguen sufrindo saturacións, froito das limitacións de recursos e espazos e da falta de persoal froito da deficiente planificación de persoal por parte da Consellería.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) En que situación se atopa a redacción do proxecto básico e execución da ampliación do CHUF?



 Grupo Parlamentario

2ª) Cal é a data prevista para o inicio da ampliación de urxencias no CHUF?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/03/2018 11:40:14

Julio Torrado Quintela na data 14/03/2018 11:40:24

Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 11:40:31

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O martes, 13 de febreiro de 2018, o Secretario Xeral de Cultura e a Directora Xeral de Patrimonio reuníronse no Parador de Turismo de Monforte con alcaldes dos concellos lucenses afectados polo expediente de incoación da declaración BIC para a Ribeira Sacra.

A dita xuntanza, ademais dos alcaldes, asistiu, segundo a prensa, a deputada do PP pola circunscrición de Lugo, Raquel Arias Rodríguez.

Non consta convite por parte da Xunta a ningún deputado ou deputada da provincia de Lugo de outros grupos políticos.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte pregunta á Xunta para a súa resposta escrita:

- Por que na reunión de alcaldes e alcaldesas da Ribeira Sacra lucense, celebrada no Parador de Monforte o 13 de marzo de 2018, para falar sobre a declaración BIC da Ribeira Sacra, asistiu unha das deputadas do PP por Lugo?
- Dirixiu a Xunta convite aos deputados e deputadas da zona da Ribeira Sacra luguesa a dita reunión?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.



Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/03/2018 12:21:42



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, David Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O Centro de Menores de Montealegre, en Ourense, foi pechado en 2012 para acometer obras de mellora das instalacións.

Este centro acollía a menores en situación de tutela ou garda por parte da Xunta, de 14 ou máis anos, con problemas de conducta.

O peche de dito centro non se acompañou dunha solución específica para estes menores, o que provocou que se internaran no centro ordinario da Carballeira, de réxime aberto, provocando unha mestura de diversos casos sociais, evitando a posibilidade de tratar adecuadamente a cada persoa menor. As e os profesionais que traballan no eido da protección de menores consideraron errónea esta solución, consecuencia da cal as fugas de menores aumentaron.

Ademais, o peche do centro destruíu emprego público, xa que se modificou a RPT, amortizando postos vacantes ocupados por persoal laboral temporal, tanto no centro de Montealegre como no da Carballeira.

A reapertura do Centro de Menores de Montealegre é unha necesidade, pero a Xunta optou pola xestión privada do mesmo, en lugar de asumir a xestión, desaproveitando un patrimonio público, con boas dotacións, e impedindo o desenvolvemento da boa labor dos e das profesionais empregados da Xunta.



O 1 de marzo de 2018 a Xunta publica no DOG a “Resolución do 23 de febreiro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense, para a execución dun programa de acollemento residencial de menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galicia especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta (24 prazas)”.

O prazo para presentar as ofertas remata o ás 19.00 horas do 3 de abril de 2018.

O prazo de execución é desde a formalización do contrato ata o 31 de marzo de 2020.

O orzamento máximo total sen IVE é de 2.943.006,00 euros; con IVE, de 3.237.394,32 euros.

Nas cláusulas administrativas non se recolle especificamente a necesidade de contar con persoal algún coa titulación de Educación Social.

En 2014, a institución da Valedor do Pobo alertou da falta de instalacións públicas en Galicia para acollemento de menores en situación de tutela ou garda, e denuncia a supresión de centros de menores públicos, poñendo Montealegre como exemplo.

Polo exposto, as deputadas e deputados que subscriben presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Por que a Xunta opta pola privatización do Centro de Menores de Montealegre?

- Non cre a Xunta que, coa privatización da xestión do CM de Montealegre, se está menosprezando aos e ás empregadas públicas con experiencia en atención a menores neste tipo de centros?
- Por que a Xunta tardou máis de 5 anos en tomar unha decisión sobre a apertura do Centro de Menores de Montealegre?
- Como valora o feito de que Consulting Asistencial Sociosanitario S.L. publique unha oferta de emprego para un “centro de menores” en Ourense antes de ser resolto o procedemento de contratación da xestión do Centro de Menores Montealegre?
- Vai permitir a Xunta que as prazas de Educadores/as Sociais sexan cubertas por profesionais que non teñan esta titulación?
- Cando ten previsto a Xunta aprobar definitivamente a Estratexia Galega da Infancia e a Adolescencia?
- Cantas prazas públicas, de xestión pública, para internamento de menores existen neste momento en Galicia?
- Por que a Xunta insiste na privatización de recursos públicos na provincia de Ourense?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Ánxeles Cuña Bóveda



Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/03/2018 12:34:00

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/03/2018 12:34:08

David Rodríguez Estévez na data 14/03/2018 12:34:14

Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 12:34:26

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Con data 9 de xaneiro de 2018 os deputados asinantes presentaron a seguinte pregunta para a súa resposta escrita (doc. 22539, 10/PRE-007548)

“A documentación orzamentaria presentada pola Xunta de Galicia para o ano 2018, contempla un cativo investimento para a conversión en autovía do actual VAP Brión – Noia por importe de 250.000 euros, figurando tal contía dentro dun investimento xeral para o que non se determina límite temporal algún, senón que se reflicte que se prolongaría máis alá do ano 2021, sen maior precisión.

Ao parecer, a partida orzamentaria do ano 2018 dedicárase para licitar en primeiro termo, a redacción do proxecto construtivo para esta nova autovía autonómica.

Existen varias cuestións que sería preciso clarificar ao respecto desta obra viaria, e que está a xerar preocupación entre a veciñanza desta área territorial. Así, entre outras cuestións, as que se refiren ao cadro de características construtivas, para que se realice cas máximas calidades técnicas. Por exemplo, as que afectan a como se pensa acometer a cuestión das inclinacións máximas, dado que a actual estrada posúe pendentes/ramplas que superan en varios tramos o 7 %, e que superaría os valores máximos aplicables ou permitidos para a construción de autovías.

Tampouco é coñecido en cantos tramos se acometería a súa realización e incluso se manifesta que os prazos concretos de execución estarían vinculados á execución doutra obra que se está a acometer, como é o desdoblamento do corredor do Morrazo, sen que se dean a coñecer as razóns da subordinación a tal conexión.

Por outra banda, o orzamento total previsto segundo a información orzamentaria facilitada, ascende a 15.250.000 €. Dado que as obras do corredor se licitaron no ano 2007 e 2008 por un importe de 78.000.000 € (máis de cinco veces a contía agora prevista), parece un financiamento insuficiente e que debera ser complementado.

Por todo o anterior formúlanse as seguintes preguntas ao respecto do desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

- 1ª) Que cronograma de actuación (fases, datas, modalidade de contratación,...) manexa a Xunta de Galicia para a realización efectiva desta autovía?*
- 2ª) Que características técnicas se establecerán e, concretamente, cales serán os valores máximos previstos de inclinación da rasante en ramplas/pendentes?*
- 3ª) Ten previsto a súa realización (do proxecto e obra) por tramos e en tal caso, en cales e en que datas?*
- 4ª) Que volume de investimento ten previsto dedicar e en que anualidades concretas?*
- 5ª) Por que se vincula a realización desta obra á execución do desdoblamento do Morrazo, a cal aínda nin foi adxudicada na súa totalidade?*
- 6ª) Considera que no ano 2022 se poderá circular por esta nova autovía?”*

Con data 13 de marzo os deputados que asinan reciben a contestación formulada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda (doc. 27825) totalmente xenérica e que non dá resposta ás preguntas formuladas, motivo polo cal reiteran a seguinte pregunta para a súa resposta escrita respecto ao desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

 Grupo Parlamentario

Que características técnicas se establecerán e, concretamente, cales serán os valores máximos previstos de inclinación da rasante en ramplas/pendentes?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 13:59:18

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 13:59:34

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os datos do IV trimestre sobre a enquisa de poboación activa (EPA), amosan un forte freo no ritmo de creación de emprego e un moi cativo incremento da poboación ocupada de só 6.200 persoas (1.049.600 IVT2016- 1.055.800 IVT 2017), un dos menores de todas as Comunidades Autónomas. Así mentres o incremento xeral en España ascendeu a un aumento da poboación ocupada de 490.300 persoas, a contribución de Galicia foi apenas do 1,3 % soamente. Todo iso con taxas de crecemento similares para España e para Galicia, que (pendentes das cifras oficiais) deben situarse no entorno do 3,1 % en termos de PIB.

Se a taxa de actividade en Galicia non sofre un maior descenso, débese á alarmante baixada da poboación total da nosa comunidade. Os últimos datos amosan que Galicia ten unha poboación de 2.708.339 habitantes (IGE 01.01.2017), o que supón una perda de 10.186 persoas respecto a 2016; se comparamos a poboación dos tramos de idade de 20 a 64 anos, a perda de poboación ascende ás 15.105 persoas. Datos que poñen de manifesto unha perda maior de poboación en idade produtiva respecto do total.

Todo o cal configura unha situación preocupante, ao que sen dúbida cabe engadir a precariedade do (escaso) traballo creado no último ano, ante o que a Xunta de Galicia non está a facer fronte coa debida atención.

Á vista destas cuestións as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como pode o Goberno galego facer unha valoración positiva destes datos?

2ª) Cales foron as políticas activas de emprego que aplicou a Xunta de Galicia para favorecer o crecemento da poboación ocupada no noso país no exercicio de 2017?

 Grupo Parlamentario

3ª) Vai proseguir coas mesmas políticas en 2018 ou promoverá cambios, se for o caso cales e en que prazos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Cales son os resultados que pretende acadar o Goberno galego coa aplicación das políticas activas de emprego para este exercicio de 2018?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/03/2018 14:08:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2018 14:08:49

Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 14:08:58

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Con data 9 de xaneiro de 2018 os deputados asinantes presentaron a seguinte pregunta para a súa resposta escrita (doc. 22539, 10/PRE-007548)

“A documentación orzamentaria presentada pola Xunta de Galicia para o ano 2018, contempla un cativo investimento para a conversión en autovía do actual VAP Brión – Noia por importe de 250.000 euros, figurando tal contía dentro dun investimento xeral para o que non se determina límite temporal algún, senón que se reflicte que se prolongaría máis alá do ano 2021, sen maior precisión.

Ao parecer, a partida orzamentaria do ano 2018 dedicárase para licitar en primeiro termo, a redacción do proxecto construtivo para esta nova autovía autonómica.

Existen varias cuestións que sería preciso clarificar ao respecto desta obra viaria, e que está a xerar preocupación entre a veciñanza desta área territorial. Así, entre outras cuestións, as que se refiren ao cadro de características construtivas, para que se realice cas máximas calidades técnicas. Por exemplo, as que afectan a como se pensa acometer a cuestión das inclinacións máximas, dado que a actual estrada posúe pendentes/ramplas que superan en varios tramos o 7 %, e que superaría os valores máximos aplicables ou permitidos para a construción de autovías.

Tampouco é coñecido en cantos tramos se acometería a súa realización e incluso se manifesta que os prazos concretos de execución estarían vinculados á execución doutra obra que se está a acometer, como é o desdoblamento do corredor do Morrazo, sen que se dean a coñecer as razóns da subordinación a tal conexión.

Por outra banda, o orzamento total previsto segundo a información orzamentaria facilitada, ascende a 15.250.000 €. Dado que as obras do corredor se licitaron no ano 2007 e 2008 por un importe de 78.000.000 € (máis de cinco veces a contía agora prevista), parece un financiamento insuficiente e que debera ser complementado.

Por todo o anterior formúlanse as seguintes preguntas ao respecto do desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

- 1ª) Que cronograma de actuación (fases, datas, modalidade de contratación,...) manexa a Xunta de Galicia para a realización efectiva desta autovía?*
- 2ª) Que características técnicas se establecerán e, concretamente, cales serán os valores máximos previstos de inclinación da rasante en ramplas/pendentes?*
- 3ª) Ten previsto a súa realización (do proxecto e obra) por tramos e en tal caso, en cales e en que datas?*
- 4ª) Que volume de investimento ten previsto dedicar e en que anualidades concretas?*
- 5ª) Por que se vincula a realización desta obra á execución do desdoblamento do Morrazo, a cal aínda nin foi adxudicada na súa totalidade?*
- 6ª) Considera que no ano 2022 se poderá circular por esta nova autovía?”*

Con data 13 de marzo os deputados que asinan reciben a contestación formulada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda (doc. 27825) totalmente xenérica e que non dá resposta ás preguntas formuladas, motivo polo cal reiteran a seguinte pregunta para a súa resposta escrita respecto ao desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

Que cronograma de actuación (fases, datas, modalidade de contratación,...) manexa a Xunta de Galicia para a realización efectiva desta autovía?

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 14:13:52

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 14:14:01

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Con data 9 de xaneiro de 2018 os deputados asinantes presentaron a seguinte pregunta para a súa resposta escrita (doc. 22539, 10/PRE-007548)

“A documentación orzamentaria presentada pola Xunta de Galicia para o ano 2018, contempla un cativo investimento para a conversión en autovía do actual VAP Brión – Noia por importe de 250.000 euros, figurando tal contía dentro dun investimento xeral para o que non se determina límite temporal algún, senón que se reflicte que se prolongaría máis alá do ano 2021, sen maior precisión.

Ao parecer, a partida orzamentaria do ano 2018 dedicárase para licitar en primeiro termo, a redacción do proxecto construtivo para esta nova autovía autonómica.

Existen varias cuestións que sería preciso clarificar ao respecto desta obra viaria, e que está a xerar preocupación entre a veciñanza desta área territorial. Así, entre outras cuestións, as que se refiren ao cadro de características construtivas, para que se realice cas máximas calidades técnicas. Por exemplo, as que afectan a como se pensa acometer a cuestión das inclinacións máximas, dado que a actual estrada posúe pendentes/ramplas que superan en varios tramos o 7 %, e que superaría os valores máximos aplicables ou permitidos para a construción de autovías.

Tampouco é coñecido en cantos tramos se acometería a súa realización e incluso se manifesta que os prazos concretos de execución estarían vinculados á execución doutra obra que se está a acometer, como é o desdoblamento do corredor do Morrazo, sen que se dean a coñecer as razóns da subordinación a tal conexión.

Por outra banda, o orzamento total previsto segundo a información orzamentaria facilitada, ascende a 15.250.000 €. Dado que as obras do corredor se licitaron no ano 2007 e 2008 por un importe de 78.000.000 € (máis de cinco veces a contía agora prevista), parece un financiamento insuficiente e que debера ser complementado.

Por todo o anterior fórmulanse as seguintes preguntas ao respecto do desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

- 1ª) Que cronograma de actuación (fases, datas, modalidade de contratación,...) manexa a Xunta de Galicia para a realización efectiva desta autovía?*
- 2ª) Que características técnicas se establecerán e, concretamente, cales serán os valores máximos previstos de inclinación da rasante en ramplas/pendentes?*
- 3ª) Ten previsto a súa realización (do proxecto e obra) por tramos e en tal caso, en cales e en que datas?*
- 4ª) Que volume de investimento ten previsto dedicar e en que anualidades concretas?*
- 5ª) Por que se vincula a realización desta obra á execución do desdoblamento do Morrazo, a cal aínda nin foi adxudicada na súa totalidade?*
- 6ª) Considera que no ano 2022 se poderá circular por esta nova autovía?”*

Con data 13 de marzo os deputados que asinan reciben a contestación formulada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda (doc. 27825) totalmente xenérica e que non dá resposta ás preguntas formuladas, motivo polo cal reiteran a seguinte pregunta para a súa resposta escrita respecto ao desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

Considera que no ano 2022 se poderá circular por esta nova autovía?

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 14:14:33

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 14:14:41

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Con data 9 de xaneiro de 2018 os deputados asinantes presentaron a seguinte pregunta para a súa resposta escrita (doc. 22539, 10/PRE-007548)

“A documentación orzamentaria presentada pola Xunta de Galicia para o ano 2018, contempla un cativo investimento para a conversión en autovía do actual VAP Brión – Noia por importe de 250.000 euros, figurando tal contía dentro dun investimento xeral para o que non se determina límite temporal algún, senón que se reflicte que se prolongaría máis alá do ano 2021, sen maior precisión.

Ao parecer, a partida orzamentaria do ano 2018 dedicárase para licitar en primeiro termo, a redacción do proxecto construtivo para esta nova autovía autonómica.

Existen varias cuestións que sería preciso clarificar ao respecto desta obra viaria, e que está a xerar preocupación entre a veciñanza desta área territorial. Así, entre outras cuestións, as que se refiren ao cadro de características construtivas, para que se realice cas máximas calidades técnicas. Por exemplo, as que afectan a como se pensa acometer a cuestión das inclinacións máximas, dado que a actual estrada posúe pendentes/ramplas que superan en varios tramos o 7 %, e que superaría os valores máximos aplicables ou permitidos para a construción de autovías.

Tampouco é coñecido en cantos tramos se acometería a súa realización e incluso se manifesta que os prazos concretos de execución estarían vinculados á execución doutra obra que se está a acometer, como é o desdoblamento do corredor do Morrazo, sen que se dean a coñecer as razóns da subordinación a tal conexión.

Por outra banda, o orzamento total previsto segundo a información orzamentaria facilitada, ascende a 15.250.000 €. Dado que as obras do corredor se licitaron no ano 2007 e 2008 por un importe de 78.000.000 € (máis de cinco veces a contía agora prevista), parece un financiamento insuficiente e que debера ser complementado.

Por todo o anterior fórmulanse as seguintes preguntas ao respecto do desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

- 1ª) Que cronograma de actuación (fases, datas, modalidade de contratación,...) manexa a Xunta de Galicia para a realización efectiva desta autovía?*
- 2ª) Que características técnicas se establecerán e, concretamente, cales serán os valores máximos previstos de inclinación da rasante en ramplas/pendentes?*
- 3ª) Ten previsto a súa realización (do proxecto e obra) por tramos e en tal caso, en cales e en que datas?*
- 4ª) Que volume de investimento ten previsto dedicar e en que anualidades concretas?*
- 5ª) Por que se vincula a realización desta obra á execución do desdoblamento do Morrazo, a cal aínda nin foi adxudicada na súa totalidade?*
- 6ª) Considera que no ano 2022 se poderá circular por esta nova autovía?”*

Con data 13 de marzo os deputados que asinan reciben a contestación formulada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda (doc. 27825) totalmente xenérica e que non dá resposta ás preguntas formuladas, motivo polo cal reiteran a seguinte pregunta para a súa resposta escrita respecto ao desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

Ten previsto a realización do proxecto e da obra por tramos e, en tal caso, en cales e en que datas?

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 14:15:26

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 14:15:35

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Con data 9 de xaneiro de 2018 os deputados asinantes presentaron a seguinte pregunta para a súa resposta escrita (doc. 22539, 10/PRE-007548)

“A documentación orzamentaria presentada pola Xunta de Galicia para o ano 2018, contempla un cativo investimento para a conversión en autovía do actual VAP Brión – Noia por importe de 250.000 euros, figurando tal contía dentro dun investimento xeral para o que non se determina límite temporal algún, senón que se reflicte que se prolongaría máis alá do ano 2021, sen maior precisión.

Ao parecer, a partida orzamentaria do ano 2018 dedicárase para licitar en primeiro termo, a redacción do proxecto construtivo para esta nova autovía autonómica.

Existen varias cuestións que sería preciso clarificar ao respecto desta obra viaria, e que está a xerar preocupación entre a veciñanza desta área territorial. Así, entre outras cuestións, as que se refiren ao cadro de características construtivas, para que se realice cas máximas calidades técnicas. Por exemplo, as que afectan a como se pensa acometer a cuestión das inclinacións máximas, dado que a actual estrada posúe pendentes/ramplas que superan en varios tramos o 7 %, e que superaría os valores máximos aplicables ou permitidos para a construción de autovías.

Tampouco é coñecido en cantos tramos se acometería a súa realización e incluso se manifesta que os prazos concretos de execución estarían vinculados á execución doutra obra que se está a acometer, como é o desdoblamento do corredor do Morrazo, sen que se dean a coñecer as razóns da subordinación a tal conexión.

Por outra banda, o orzamento total previsto segundo a información orzamentaria facilitada, ascende a 15.250.000 €. Dado que as obras do corredor se licitaron no ano 2007 e 2008 por un importe de 78.000.000 € (máis de cinco veces a contía agora prevista), parece un financiamento insuficiente e que debera ser complementado.

Por todo o anterior formúlanse as seguintes preguntas ao respecto do desdobramento en autovía da estrada Brión – Noia:

- 1ª) Que cronograma de actuación (fases, datas, modalidade de contratación,...) manexa a Xunta de Galicia para a realización efectiva desta autovía?*
- 2ª) Que características técnicas se establecerán e, concretamente, cales serán os valores máximos previstos de inclinación da rasante en ramplas/pendentes?*
- 3ª) Ten previsto a súa realización (do proxecto e obra) por tramos e en tal caso, en cales e en que datas?*
- 4ª) Que volume de investimento ten previsto dedicar e en que anualidades concretas?*
- 5ª) Por que se vincula a realización desta obra á execución do desdobramento do Morrazo, a cal aínda nin foi adxudicada na súa totalidade?*
- 6ª) Considera que no ano 2022 se poderá circular por esta nova autovía?”*

Con data 13 de marzo os deputados que asinan reciben a contestación formulada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda (doc. 27825) totalmente xenérica e que non dá resposta ás preguntas formuladas, motivo polo cal reiteran a seguinte pregunta para a súa resposta escrita respecto ao desdobramento en autovía da estrada Brión – Noia:

Por que se vincula a realización desta obra á execución do desdobramento do Morrazo, a cal aínda nin foi adxudicada na súa

 Grupo Parlamentario

totalidade?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 14:16:21

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 14:16:29

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Con data 9 de xaneiro de 2018 os deputados asinantes presentaron a seguinte pregunta para a súa resposta escrita (doc. 22539, 10/PRE-007548)

“A documentación orzamentaria presentada pola Xunta de Galicia para o ano 2018, contempla un cativo investimento para a conversión en autovía do actual VAP Brión – Noia por importe de 250.000 euros, figurando tal contía dentro dun investimento xeral para o que non se determina límite temporal algún, senón que se reflicte que se prolongaría máis alá do ano 2021, sen maior precisión.

Ao parecer, a partida orzamentaria do ano 2018 dedicárase para licitar en primeiro termo, a redacción do proxecto construtivo para esta nova autovía autonómica.

Existen varias cuestións que sería preciso clarificar ao respecto desta obra viaria, e que está a xerar preocupación entre a veciñanza desta área territorial. Así, entre outras cuestións, as que se refiren ao cadro de características construtivas, para que se realice cas máximas calidades técnicas. Por exemplo, as que afectan a como se pensa acometer a cuestión das inclinacións máximas, dado que a actual estrada posúe pendentes/ramplas que superan en varios tramos o 7 %, e que superaría os valores máximos aplicables ou permitidos para a construción de autovías.

Tampouco é coñecido en cantos tramos se acometería a súa realización e incluso se manifesta que os prazos concretos de execución estarían vinculados á execución doutra obra que se está a acometer, como é o desdoblamento do corredor do Morrazo, sen que se dean a coñecer as razóns da subordinación a tal conexión.

Por outra banda, o orzamento total previsto segundo a información orzamentaria facilitada, ascende a 15.250.000 €. Dado que as obras do corredor se licitaron no ano 2007 e 2008 por un importe de 78.000.000 € (máis de cinco veces a contía agora prevista), parece un financiamento insuficiente e que debера ser complementado.

Por todo o anterior fórmulanse as seguintes preguntas ao respecto do desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

- 1ª) Que cronograma de actuación (fases, datas, modalidade de contratación,...) manexa a Xunta de Galicia para a realización efectiva desta autovía?*
- 2ª) Que características técnicas se establecerán e, concretamente, cales serán os valores máximos previstos de inclinación da rasante en ramplas/pendentes?*
- 3ª) Ten previsto a súa realización (do proxecto e obra) por tramos e en tal caso, en cales e en que datas?*
- 4ª) Que volume de investimento ten previsto dedicar e en que anualidades concretas?*
- 5ª) Por que se vincula a realización desta obra á execución do desdoblamento do Morrazo, a cal aínda nin foi adxudicada na súa totalidade?*
- 6ª) Considera que no ano 2022 se poderá circular por esta nova autovía?”*

Con data 13 de marzo os deputados que asinan reciben a contestación formulada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda (doc. 27825) totalmente xenérica e que non dá resposta ás preguntas formuladas, motivo polo cal reiteran a seguinte pregunta para a súa resposta escrita respecto ao desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

Que volume de investimento ten previsto dedicar a esta obra e en que anualidades concretas?

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 14:17:22

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 14:17:31

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O informe “Por unha alianza do sector industrial galego: 50 propostas”, realizado polo Consello Económico e Social de Galicia, recolle propostas relacionadas co medio ambiente e a eficiencia enerxética. En concreto, os datos que manexa (os últimos publicados pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) son os seguintes: no ano 2014, a xeración de residuos industriais na nosa Comunidade foi de máis de 2,4 millóns de toneladas, resultando un 20 % máis do valor do obxectivo marcado pola Estratexia Europea 2020. Así mesmo, as emisións de gases de efecto invernadoiro (segundo datos oficiais da mesma Consellería e relativos a 2015) foi de máis de 1,7 millóns de quilotoneladas, é dicir, un 10 % máis do obxectivo europeo.

O anterior evidencia, segundo o propio CES, que é preciso estimular a desmaterialización e a descarbonización das operacións industriais, impulsando unha actividade industrial máis sostible, de xeito que o crecemento económico non vaia aparelado a un maior impacto ambiental.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora o Goberno galego a proposta do informe “Por unha alianza do sector industrial galego: 50 propostas”, realizado polo Consello Económico e Social de Galicia, e relativa ao medio ambiente e a eficiencia enerxética?
2. Cales son os últimos datos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio relativos á xeración de residuos industriais e ás emisións de gases de efecto invernadoiro?
3. Con estes datos, vai alcanzar Galicia os obxectivos marcados pola Estratexia Europea 2020?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Vai deseñar o Goberno, neste ano 2018, unha nova normativa que estimule ás empresas a usar enerxías máis limpas, que reduzan as emisións de CO2 a atmosfera e os custos enerxéticos e a consumir menos recursos, avanzando cara a unha estratexia de reutilización dos residuos e refugallos derivados dos procesos industriais?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2018 19:13:11

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2018 19:13:17

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 19:13:23

María Luisa Pierres López na data 14/03/2018 19:13:28

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O luns 6 de febreiro publicábanse non DOG os 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*), 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes 2 de maio comezaba a “campaña de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*)”, a cal empezara en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores 24 de maio, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados na provincia da Coruña.

O luns 3 de xullo comezaba a Consellería do Medio Rural a pagar as primeiras axudas pola prohibición de plantar patacas, axudas solicitadas polos veciños e veciñas dos concellos afectados pola couza guatemalteca e despois de oito meses só abonou 103.000 euros dos 168.000 euros reclamados.

O venres 20 de outubro publicouse non DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña está afectado pola couza guatemalteca.

Non obstante, tras este percorrido histórico do feito pola Xunta de Galicia, atopámonos con que o executivo non executou todas as partidas que ten destinadas para os afectados pola praga, segundo fontes xornalísticas que á súa vez baséanse en datos da propia Consellería do Medio Rural. É máis, soamente executou o 60 % faltando un 40 % aproximadamente por executar.

 Grupo Parlamentario

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia non executou todos os pagos pendentes das axudas solicitadas?

2ª) En que prazo teñen previsto executar todos os pagos pendentes das axudas solicitadas?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/03/2018 19:31:01

José Antonio Quiroga Díaz na data 14/03/2018 19:31:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 27964
Data envío: 15/03/2018 12:30:28.856

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto da concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado repetidamente a falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto dos recursos que destina a empresas do sector da automoción e a necesidade de informar sobre as mesmas para avaliar a repercusión que teñen na fixación de emprego e tecido empresarial nun contexto de forte deslocalización cara outros centros de produción, como é o norte de Portugal.

Neste sentido, comezada a X lexislatura este Grupo Parlamentar reiterou tres solicitudes de información concreta, rexistrando en outubro de 2016 preguntas orais e escritas así como un artigo 9 relativos a coñecer as contías exactas de determinadas empresas, de habelas, por non poder atopar esa información mediante os mecanismos públicos. Porén, máis de ano e medio despois e malia as peticións verbalizadas no curso da resposta ás nosas preguntas orais, non recibimos resposta, obstaculizando o noso traballo parlamentario e a nosa labor de oposición.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que axudas, subvencións e convenios de colaboración que estableceu a Xunta



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 27964
Data envío: 15/03/2018 12:30:28.856

de Galiza, se é o caso, coas seguintes empresas, desde o ano 2009?

- 1ª) ALUDEC S.A.
- 2ª) ALYMOSA
- 3ª) BENTELER AUTOMOTIVE VIGO S.L.
- 4ª) BORGWARNER EMISSIONS SYSTEMS SPAIN S.L.
- 5ª) CABLERIAS AUTO S.L.
- 6ª) CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA

-FUNDACION CETAG

- 7ª) CENTRO TECNOLÓGICO GRUPO COPO S.L.
- 8ª) COMPONENTES DE VEHICULOS
- 9ª) COPO GALICIA SLU
- 10ª) COPO IBERICA S.A.
- 11ª) DENSO SISTEMAS TERMICOS ESPAÑA S.A.
- 12ª) FAURECIA ASIENTOS DE GALICIA S.A.
- 13ª) FAURECIA AUTOMOTIVE ESPAÑA S.A.
- 14ª) FAURECIA INTERIOR SYSTEMS ESPAÑA S.A.
- 15ª) FAURECIA SISTEMAS DE ESCAPE S.A.
- 16ª) GESTAMP VIGO S.A.
- 17ª) GKN DRIVELINE VIGO S.A.
- 18ª) GRUPO ANTOLIN PGA S.A.
- 19ª) GRUPO ANTOLIN VIGO S.A.
- 20ª) MAIER FERROPLAST, SOCIEDAD COOPERATIVA

GALEGA.

- 21ª) MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES.
- 22ª) MC SYNCRO
- 23ª) MEGATECH INDUSTRIES OURENSE S.L.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 24ª) MGI COUTIER ESPAÑA S.L.
- 25ª) PLASTIC OMNIUM AUTO INERGY SPAIN S.A.
- 26ª) PLASTIC OMNIUM COMPONENTES EXTERIORES S.L.
- 27ª) PSA PEUGEOT CITROEN
- 28ª) REYDEL AUTOMOTIVE SPAIN S.L.
- 29ª) SNOP ESTAMPACION S.A.
- 30ª) TB SPAIN INJECTION S.L. (TBSI)
- 31ª) TI GROUP AUTOMOTIVE SYSTEMS S.A.
- 32ª) TREVES GALIZA, SLU
- 33ª) VIZA AUTOMOCION SAU
- 34ª) ZF TRW ACTIVE & PASSIVE SAFETY TECHNOLOGY OSS
(OCCUPANT SAFETY SYSTEMS).

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 27964
Data envío: 15/03/2018 12:30:28.856

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 11:47:25

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 11:47:34

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 11:47:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2018 11:47:37

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2018 11:47:38

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2018 11:47:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:40
Nº Rexistro: 27967
Data envío: 15/03/2018 12:40:04.294

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a falta de implicación da Xunta de Galiza na resolución dos conflitos do servizo de mantemento e seguridade industrial do Complexo Hospitalario de Ourense.

No que vai de 2018 diferentes servizos prestados no Complexo Hospitalario de Ourense teñen denunciando a falta de cumprimento das súas condicións laborais, o impedimento de prestar o servizo en condicións así como a falta de implicación da Xunta de Galiza á hora de velar polo cumprimento dos servizos e as condicións laborais dos sectores implicados. Neste sentido, xa as traballadoras da limpeza protagonizaron unha importante convocatoria de folga a comezos de febreiro. Dentro da mesma concesión, outorgada no 2014, está incluído o servizo de mantemento.

Este servizo de mantemento mantivo unha folga indefinida, interrompida para dialogar coa empresa e co SERGAS sen ter chegado aínda, no momento de asinar esta iniciativa, a un acordo. Nos últimos anos as e os traballadores de servizos dependentes de Ferrovial teñen denunciado a vulneración dos seus dereitos laborais. Máis concretamente, recentemente o persoal responsábel do



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:40
Nº Rexistro: 27967
Data envío: 15/03/2018 12:40:04.294

mantemento e, polo tanto, de elementos de grande importancia no ámbito hospitalario como cuestións de seguridade industrial, arranxos, etc. Falta de persoal, vulneración do convenio de siderometal e agravios comparativos con traballadores doutros hospitais son algunhas das cuestións graves que están a acontecer.

Desde o Bloque Nacionalista Galego valoramos a situación como preocupante, non só porque as administracións públicas debe ser exemplarizantes, senón porque estamos a falar dun servizo imprescindible para a conservación e seguridade das nosas infraestruturas sanitarias, con consecuencias tanto para as e os demais profesionais do ámbito como para os e as usuarias da nosa sanidade.

Por todas estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para buscar unha saída ao conflito descrito?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para interesarse polas cuestións referidas e comunicadas tanto polo cadro de persoal e representación sindical como por este grupo parlamentar?

-Coñece a Xunta de Galiza as desigualdades laborais que motivan as protestas dos traballadores de mantemento do CHUO?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:40
Nº Rexistro: 27967
Data envío: 15/03/2018 12:40:04.294

-Que mecanismos emprega o goberno galego para facer seguimento de se o prego de condicións está a ser cumprido? E para avaliar se o seu custo económico está ben estimado?

-Tense reunido a xerencia do hospital co cadro de persoal? Con que conclusión?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 12:39:33



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:40
Nº Rexistro: 27967
Data envío: 15/03/2018 12:40:04.294

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2018 12:39:38

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 12:39:41

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2018 12:39:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2018 12:39:46

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 12:39:49

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. A xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade que, lonxe de se reducir, repunta. A pesares de que Galicia rexistrou 6436 denuncias por violencia de xénero en 2017 (un 13,3 % máis que en 2016), só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a muller, en Vigo e en A Coruña.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais debe ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica de 2004. Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do *CGPJ*, un 73 % dos asasinatos ocorren en poboacións inferiores a 100 000 habitantes, o que alerta de que a “*ruralidade*” é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais. Considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil, por iso entendemos que, ademais da necesidade de ampliar o número de xulgados de violencia contra a muller, a comarcalización dalgúns servizos propios destes xulgados específicos e que existen só nos partidos xudiciais de dúas cidades galegas sería unha boa solución.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para facer realidade a frase do presidente Feijóo recoñecendo que o 8 de marzo fora un clamor e que lle obrigara a tomar nota?
2. Comparte o Goberno que o feito de vivir fóra das 2 cidades de Galicia que contan con xulgados específicos de violencia contra a Muller é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais de loita contra a violencia machista?
3. Comparte o Goberno que o achegamento dos recursos dos Xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil?
4. Vai demandar o Goberno ao Goberno do Estado a comarcalización dos servizos do Imelga, as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial?
5. Cando vai demandar o Goberno galego ao Goberno do Estado a ampliación do número de Xulgados de Violencia contra a Muller ás 7 principais cidades de Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2018 13:43:25

María Luisa Pierres López na data 15/03/2018 13:43:30



 **Grupo Parlamentario**

María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2018 13:43:35

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2018 13:43:42

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2018 13:43:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa á edición de libros en galego.

Na última década a edición de libros en lingua galega caeu un 33,6%. Só as obras en vasco experimentaron un descenso máis pronunciado (un 34,6%), segundo apunta o informe do Instituto Nacional de Estatística Produción editorial de libros, que recolle datos ata 2016.

Así, mentres que fai dez anos superábase o milleiro de libros e folletos en lingua galega (1.472), agora estamos por debaixo dos 1.000. A tendencia é claramente á baixa e continúa ata hoxe. Nos últimos 12 meses estudados pasouse das 1.120 obras en galego ás 976, o que supón un descenso do 12,8%.

Os datos tamén son malos cando se repara nas publicacións bilingües. No 2016 houbo 269 libros en euskera e castelán, 266 en catalán e castelán e 140 en valenciano e castelán. Pola contra, só houbo 84 libros en galego e castelán, o que, como é lóxico, dificulta dar a coñecer a nosa lingua no resto do territorio do Estado.

Pero o dato máis preocupante é outro. O galego é a cuarta lingua en porcentaxe de libros infantís e xuvenís sobre o total do publicado. O euskera conta cun 34,7%, o valenciano cun 27,4% e o catalán cun 24%. En galego, en cambio, só se pública un 19,9% de obras dirixidas á poboación máis nova. Trátase dun problema serio, xa que é a xente moza a que máis de lado está deixando o noso idioma. Así o advirte un traballo recente da Real Academia Galega titulado



Lingua e sociedade en Galicia. Nas súas palabras, alerta dunha “crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguentes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos”.

Na investigación sinálase que o precario uso do galego entre os mozos e mozas non se debe tanto ao idioma empregado polas súas familias como a súa escasa presenza no espazo escolar e nos contextos urbanos de interacción social. Segundo as estatísticas da Mesa pola Normalización Lingüística, o 40% dos centros de Educación Infantil das cidades non recorren nunca ao galego.

Este fenómeno obsérvase mellor se distinguimos o que acontece en tres grupos de idade, tal e como fai o informe da RAG. As persoas de máis de 40 anos están a abandonar o monolingüismo galego a favor de prácticas bilingües funcionais e do maior uso do castelán. As persoas con idades comprendidas entre os 20 e os 40 anos presentan unha situación sociolingüística estable. Por último, as persoas máis novas, que teñen entre 5 e 20 anos, protagonizan un fenómeno de desgaleguización notable que, a diferenza do que sucede no primeiro grupo de idade mencionado, escórase cara un uso monolingüe do castelán. Por todo isto, non é de estrañar que mentres o 75% da poboación galega de máis de 75 anos fala maioritariamente en galego, só o 30% dos menores de 20 exprésanse no noso idioma, o que supón unha diferenza de 45 puntos porcentuais.

Os presentes datos son a razón pola cal a escasa publicación de libros en galego dirixidos á poboación máis nova supón un problema serio para o noso idioma. O único xeito de que os mozos e mozas continúen empregando o galego é facelo accesible a través de tódolos medios a nosa disposición e, dende logo, a través das obras escritas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:



- Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para incrementar a edición de libros en galego e, en particular, a edición de libros destinados á poboación máis nova?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 16:42:34

Luca Chao Pérez na data 15/03/2018 16:42:41

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa ao cumprimento da Lei de Memoria Histórica en Beade (Ourense).

A Lei de Memoria Histórica, incumprida en moitas ocasións dende que foi promulgada o 31 de outubro de 2007, fala no seu artigo 15 dos símbolos e os monumentos. "As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura".

Aos 10 anos e catro meses da Lei, o Estado non asumiu aínda o amparo ás vítimas do franquismo, como denunciou o relator de Dereitos Humanos da ONU. Cremos que unha sociedade democrática ten que rematar con todas as "reminiscencias" para ter rúas e avenidas libres do fascismo. As vilas, edificios oficiais, cemiterios, fachadas de vivendas e municipios teñen que ser máis xustas e dar pasos cara a "verdade, a liberdade e a reparación das vítimas". Xa nos tarda.

Malia todo, o seguinte punto matiza que iso " non será de aplicación cando as mencións sexan de estrita lembranza privada, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei".

A Lei de Memoria Histórica obriga a cambiar os nomes franquistas das paredes e organismos. Os máis comúns son Avenida del Generalísimo ou José Antonio Primo de Rivera. O franquismo estampou a súa pegada por xalundes. No caso de



non cumprir a legalidade, deberan ir ante da Fiscalía. Ou a Fiscalía debera actuar de oficio.

O que hoxe traemos a este Parlamento non só atenta directamente contra a Lei da Memoria Histórica . En Beade (Ourense) aínda existe a Rúa do Caudillo. Este nome é incompatible co espírito constitucional. Isto é burla á base legal do proceso de restitución ás vítimas e familiares dunha memoria amputada durante toda a ditadura e 42 anos da restauración monárquica constitucional . Isto é unha aldraxe de carácter “fascista, autoritaria e antidemocrática”.

Non se entende como non só desaparecen todos os símbolos, se non que se alardea, evidente anomalía democrática. Porén, solicitamos medidas xustas e oportunas, que deberan contar co apoio incondicional de todos/as os demócratas, encamiñadas a suprimir os elementos de división entre a cidadanía e –como sinala a propia lei– “a fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións en torno aos principios, valores e liberdades constitucionais”.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para cumprir o artigo 15 da Lei 52/2007 e retirar o nome da “Rúa do Caudillo” en Beade (Ourense)?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez



Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 17:22:35

Luca Chao Pérez na data 15/03/2018 17:22:41

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En abril de 2012 a Xunta de Galicia pechou o centro de menores Montealegre, situado en Ourense, que acollía a mozos e mozas a partir de 14 anos con importantes problemas de conduta, para segundo afirmou a daquelas Consellería de Traballo e Política Social, realizar obras debido a que as instalacións tiñan importantes deficiencias e carencias.

Naquel momento, tanto os traballadores e traballadoras dos centros, os equipos técnicos de menores, a Fiscalía de Menores, a Policía autonómica, e mesmo o Valedor do Pobo, manifestaron que se consideraba un grave erro esta decisión, debido á necesidade deste recurso como resposta ás necesidades específicas destes menores.

O peche do centro de menores de Montealegre obrigou a que moitos destes e destas adolescentes acabaran no de protección ordinaria da Carballeira, mesturando de maneira indiscriminada casuísticas que van dende os problemas de conduta, ao consumo de sustancias tóxicas, ou a presenza dalgún tipo de trastorno psíquico. Esta mestura indiscriminada nunha mesma contorna prexudicou a todos os usuarios e usuarias posto que non se está ofrecendo a atención adecuada ás necesidades de cada un deles, co problema engadido de que ao tratarse dun centro de réxime aberto, as saídas de menores conflictivos e con trastornos de conduta son habituais.

En xuño de 2017 a unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista a respecto deste centro, o Secretario Xeral Técnico da Consellería de Política Social anunciaba a reapertura do centro, seis anos despois do seu peche, no primeiro semestre do ano 2018, sen aclarar se a xestión do centro ía a seguir sendo pública como ata o de agora ou se ía a

proceder a súa privatización.

O 1 de marzo privatizábase a xestión do centro a través da publicación no DOG da *Resolución do 23 de febreiro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense, para a execución dun programa de acollemento residencial de menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galicia especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta (24 prazas)*. Segundo se recolle na propia resolución, o contrato sería de como máximo 3,2 millóns de euros ao ano, ata 2020, e con posibilidade de prorrogalo. Para as intervencións no proceso socio-educativo cotián, e a súa avaliación e observación real, non se require estar en posesión da titulación universitaria de Educador ou Educadora Social.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que privatizou o Goberno galego a xestión do centro de menores de Montealegre, situado en Ourense?
2. Segundo a Xunta de Galicia, que beneficios suporá para os e as menores a privatización deste centro?
3. Cales foron os motivos que levaron ao Goberno galego a prescindir dos profesionais da función pública no centro de menores de Montealegre?
4. Por que decidiu a Xunta de Galicia que os profesionais que traballaban no centro de menores de Montealegre, a maioría dos cales están reubicados no centro de A Carballeira, non volvan unha vez que se produza a reapertura do mesmo?
5. Por que non se esixe para a contratación da xestión, que as intervencións no proceso socio-educativo cotián, e a súa avaliación e observación real, as realicen persoas que estean en posesión da titulación universitaria de Educador ou Educadora Social?

 Grupo Parlamentario

6. Antes do peche do centro no ano 2012, que custo anual supuña para a Xunta de Galicia a xestión do centro?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/03/2018 17:23:36

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2018 17:23:42

Raúl Fernández Fernández na data 15/03/2018 17:23:46

Julio Torrado Quintela na data 15/03/2018 17:23:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O deterioro e a falta de mantemento das estradas incrementan de forma considerable as posibilidades de accidente. A circulación por estradas en mal estado supón un sobre esforzo, incrementa a fatiga das persoas condutoras, polo tanto un adecuado mantemento e conservación das estradas é fundamental para mellorar a seguridade vial e a prevención de accidentes.

Foi unha constante dende a crise económica de 2008 a falta de mantemento da rede de estradas estatais no noso País, cunha drástica redución orzamentaria que provocou, na práctica, unha marxinación do mantemento en favor das novas construcións.

Sen ter en conta o sobrecusto que supón para os usuarios circular por estradas en mal estado, xa que supón un deterioro maior dos vehículos que por elas transitan, é necesario reformular esta situación para evitar riscos e sobrecustos innecesarios: investir en conservación e aforrar a longo prazo.

En Galicia e na provincia de Lugo existen numerosos exemplos desta falta de mantemento das estradas estatais. Un deles é o lamentable estado da N-540, que une Lugo con Ourense. Trátase dun trazado complexo que non ten recibido apenas investimentos públicos nos últimos anos. En numerosos puntos, a estrada presenta un asfaltado totalmente deteriorado, mesmo nos carrís de incorporación



e saída, así como falta de sinalización, sendo unha vía moi transitada, tanto por vehículos convencionais como por camións.

Existen situacións incomprensibles, como sinalizacións de dobre carril que indican que no carril rápido non se pode circular a menos de 70 km/H e sinalizacións xenéricas que limitan a velocidade máxima en todo o tramo a 80 km/h, ou mesmo a 50.

A situación de inseguridade da vía é tal que moitos usuarios optan por trazados alternativos, máis longos, pero que lles producen maior seguridade, como é utilizar a alternativa de Monforte, polo corredor CG-2.2.

O 22 de xuño de 2017, a Comisión de Seguridade Vial do Congreso aprobou unha proposición non de lei de En Marea para que o Ministerio de Fomento efectuase actuacións de reforma e rehabilitación na N-540 este ano nos tramos situados entre Guntín e Ventas de Narón, e no tramo que vai entre Chantada e Taboada, que a día de hoxe están sen realizar.

A veciñanza de Guntín denuncia continuamente a perigosidade da curva situada á saída da localidade e son frecuentes os accidentes que se producen na zona. Tamén en Chantada son habituais as queixas polo lamentábel estado da variante de Chantada, con 7 quilómetros de pavimento desgastado, cada vez máis deteriorado. Mesmo se sinalizou recentemente con sinais de perigo por proxección de grava.

Nunha resposta a En Marea, o Goberno afirmou que na N-540 non se identificou ningún Tramo de Concentración de Accidentes, cando é un área de alta sinistralidade. De feito, en outono de 2015 houbo unha sucesión de accidentes, cunha persoa morta e 11 feridos nun intervalo de 18 días.

Noutra resposta do Congreso a En Marea, o propio Ministerio de Fomento reconece que “na provincia de Lugo, o Ministerio de Fomento ten identificado varios tramos da N-540, nos que o estado do firme aconsella a realización de actuacións”, sen embargo, o Ministerio de Fomento non concreta nin as actuacións concretas a realizar nin os prazos.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Vai esixir a Xunta ao Ministerio de Fomento o arranxo urxente da estrada N-540?
- Que opinión ten a Xunta do estado de abandono da estrada N-540?
- Vai a Xunta dirixirse ao Ministerio de Fomento para esixir unha mellora integral do estado do firme da N-540, así como a remodelación da súa sinalización para mellorar a seguridade viaria no conxunto da vía?
- Vai a Xunta dirixirse ao Ministerio de Fomento para esixir a urxente reforma e rehabilitación da N-540 nos tramos entre Guntín e Ventas de Narón e entre A Barrela e Taboada?
- Que ten feito a Xunta ante o lamentable estado da estrada N-540?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 15/03/2018 17:10:08



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 28026
Data envío: 15/03/2018 17:52:22.930

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O centro de menores de Montealegre, en Ourense, leva pechado desde que no ano 2012 a Xunta de Galiza decidira, sen buscar consenso social e político, interromper os seus servizos coa desculpa de efectuar unha serie de reformas e obras.

Xa no 2012, o BNG alertaba de que esta operación viña acompañada dunha serie de indicios que facían ver a súa posíbel privatización e externalización, como o feito de modificar a relación de postos de traballo para amortizar os postos temporais e desprazar os fixos para o centro da Carballeira, que tamén absorbeu as e os menores que estaban a ser atendidos no centro.

Unha vez máis, constátase que efectivamente foi unha estratexia do Partido Popular para cercenar un servizo público máis. Este 1 de marzo vén de certificarse a intención privatizadora do PP e vén de ser publicada no Diario Oficial de Galiza a resolución do 23 de febreiro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense. Recóllese desta forma o procedemento para a execución dun programa de acollemento residencial de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 28026
Data envío: 15/03/2018 17:52:22.930

menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galiza, especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta.

Alén do escurantismo que veu practicando a Xunta de Galiza no último lustro e da ausencia dun proceso dialogado para definir a xestión do Centro, chama a atención tamén que o número de prazas sexa de 24 e que as obras destes anos, que acumulan un investimento de case dous millóns de euros, non supoñan unha ampliación da capacidade. Por riba, isto supón unha amortización escondida de postos de traballo públicos que as organizacións de traballadores tamén rexeitan.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cales son as razóns para que a Xunta de Galiza privatice a Xestión do Centro de Menores de Montealegre (Ourense)?

-Cales son as razóns para a demora no proceso de obras e acondicionamento ao longo de máis de cinco anos?

-Seguiu a Consellaría algún plan de traballo específico para consensuar coa comunidade socioeducativa ou cos colexios profesionais do sector as condicións de funcionamento nas que deberá abrir o centro?

-Por que non supoñen estas obras un aumento considerábel da capacidade do centro?

-Considera atinado destinar recursos públicos da Xunta de Galiza á restauración dunha infraestrutura para entregala despois a mans privadas?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 28026
Data envío: 15/03/2018 17:52:22.930

-Elaborou algún tipo de estudo a Xunta de Galiza para avaliar se sería máis rendíbel economicamente a xestión privatizada?

-Cales son as razóns para ocultar durante cinco anos a decisión de privatización?

-Por que leva a cabo a Xunta de Galiza un ERE encuberto?

-Ten establecido canles de diálogo co cadro de persoal orixinal do centro? En que termos e con que resultados?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 17:45:37



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 28026
Data envío: 15/03/2018 17:52:22.930

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 17:45:41

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 17:45:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2018 17:45:45

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2018 17:45:46

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2018 17:45:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPOSTA escrita**.

Dende o grupo parlamentario En Marea levamos presentadas máis de 50 iniciativas, dende xaneiro, relacionadas coa solicitude e detalle das viaxes de altos cargos da Xunta.

Malia a insistencia, por parte do noso grupo parlamentario, o Goberno da Xunta segue a dar unha información manifestamente incompleta. A información que se proporciona nas comparecencias do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE só aclara o nome do cargo en cuestión, o lugar ao que viaxou e algún acto no que participou, todo isto dun xeito considerablemente superficial, a pesares de definir a súa comparecencia, nalgunha ocasión, coma exhaustiva. Cando se proporciona información destas características, o lóxico e o desexable é que se trate dunha relación de cada viaxe moito máis detallada. Por exemplo, proporcionar a maiores información sobre a composición da delegación viaxante ao completo (nº de persoas, nomes), data de inicio e de remate da viaxe (non se pode atopar a data en todas as viaxes recollidas na comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para informar do cumprimento do Código Ético Institucional no segundo semestre do ano 2017), detalle da axenda levada a cabo a propósito de cada viaxe, así coma obxectivos e avaliación, tamén, de cada viaxe.

Por isto, dende o Grupo Parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

- De cantas persoas estaba composta a delegación que acompañou ao Director Xeral do IGAPE na viaxe a Poissy o 20 de setembro de 2017?
- Que persoas formaron a delegación nesta visita?
- Cal foi o gasto total da Viaxe, e o gasto en cada un dos conceptos, aloxamento, desprazamentos, dietas ... ?
- Porque non se facilitan as facturas e xustificantes de gasto desta viaxe?
- Existen máis detalles da axenda institucional, desta viaxe, da proporcionada na Comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE?
- Cal foi a axenda institucional de cada alto cargo nesta viaxe ?
- Cales eran os obxectivos desta visita?
- Existe unha avaliación dos resultados desta viaxe ?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 18:23:26

Carmen Santos Queiruga na data 15/03/2018 18:23:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPOSTA escrita**.

Dende o grupo parlamentario En Marea levamos presentadas máis de 50 iniciativas, dende xaneiro, relacionadas coa solicitude e detalle das viaxes de altos cargos da Xunta.

Malia a insistencia, por parte do noso grupo parlamentario, o Goberno da Xunta segue a dar unha información manifestamente incompleta. A información que se proporciona nas comparecencias do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE só aclara o nome do cargo en cuestión, o lugar ao que viaxou e algún acto no que participou, todo isto dun xeito considerablemente superficial, a pesares de definir a súa comparecencia, nalgunha ocasión, coma exhaustiva. Cando se proporciona información destas características, o lóxico e o desexable é que se trate dunha relación de cada viaxe moito máis detallada. Por exemplo, proporcionar a maiores información sobre a composición da delegación viaxante ao completo (nº de persoas, nomes), data de inicio e de remate da viaxe (non se pode atopar a data en todas as viaxes recollidas na comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para informar do cumprimento do Código Ético Institucional no segundo semestre do ano 2017), detalle da axenda levada a cabo a propósito de cada viaxe, así coma obxectivos e avaliación, tamén, de cada viaxe.

Por isto, dende o Grupo Parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

- De cantas persoas estaba composta a delegación que acompañou ao Director Xeral do IGAPE na viaxe a San Petersburgo do 18 de setembro, canto durou esta viaxe?
- Que persoas formaron a delegación nesta visita?
- Cal foi o gasto total da Viaxe, e o gasto en cada un dos conceptos, aloxamento, desprazamentos, dietas ... ?
- Porque non se facilitan as facturas e xustificantes de gasto desta viaxe?
- Existen máis detalles da axenda institucional, desta viaxe, da proporcionada na Comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE?
- Cal foi a axenda institucional de cada alto cargo nesta viaxe ?
- Cales eran os obxectivos desta visita?
- Existe unha avaliación dos resultados desta viaxe ?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga



Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 18:24:21

Carmen Santos Queiruga na data 15/03/2018 18:24:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPOSTA escrita**.

Dende o grupo parlamentario En Marea levamos presentadas máis de 50 iniciativas, dende xaneiro, relacionadas coa solicitude e detalle das viaxes de altos cargos da Xunta.

Malia a insistencia, por parte do noso grupo parlamentario, o Goberno da Xunta segue a dar unha información manifestamente incompleta. A información que se proporciona nas comparecencias do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE só aclara o nome do cargo en cuestión, o lugar ao que viaxou e algún acto no que participou, todo isto dun xeito considerablemente superficial, a pesares de definir a súa comparecencia, nalgunha ocasión, coma exhaustiva. Cando se proporciona información destas características, o lóxico e o desexable é que se trate dunha relación de cada viaxe moito máis detallada. Por exemplo, proporcionar a maiores información sobre a composición da delegación viaxante ao completo (nº de persoas, nomes), data de inicio e de remate da viaxe (non se pode atopar a data en todas as viaxes recollidas na comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para informar do cumprimento do Código Ético Institucional no segundo semestre do ano 2017), detalle da axenda levada a cabo a propósito de cada viaxe, así coma obxectivos e avaliación, tamén, de cada viaxe.

Por isto, dende o Grupo Parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

- De cantas persoas estaba composta a delegación que acompañou ao Director Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático a Bonn entre o 15 e o 17 de novembro de 2017?
- Que persoas formaron a delegación nesta visita?
- Cal foi o gasto total da Viaxe, e o gasto en cada un dos conceptos, aloxamento, desprazamentos, dietas ... ?
- Porque non se facilitan as facturas e xustificantes de gasto desta viaxe?
- Existen máis detalles da axenda institucional, desta viaxe, da proporcionada na Comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE?
- Cal foi a axenda institucional de cada alto cargo nesta viaxe ?
- Cales eran os obxectivos desta visita?
- Existe unha avaliación dos resultados desta viaxe ?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 18:24:57

Carmen Santos Queiruga na data 15/03/2018 18:25:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPOSTA escrita**.

Dende o grupo parlamentario En Marea levamos presentadas máis de 50 iniciativas, dende xaneiro, relacionadas coa solicitude e detalle das viaxes de altos cargos da Xunta.

Malia a insistencia, por parte do noso grupo parlamentario, o Goberno da Xunta segue a dar unha información manifestamente incompleta. A información que se proporciona nas comparecencias do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE só aclara o nome do cargo en cuestión, o lugar ao que viaxou e algún acto no que participou, todo isto dun xeito considerablemente superficial, a pesares de definir a súa comparecencia, nalgunha ocasión, coma exhaustiva. Cando se proporciona información destas características, o lóxico e o desexable é que se trate dunha relación de cada viaxe moito máis detallada. Por exemplo, proporcionar a maiores información sobre a composición da delegación viaxante ao completo (nº de persoas, nomes), data de inicio e de remate da viaxe (non se pode atopar a data en todas as viaxes recollidas na comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para informar do cumprimento do Código Ético Institucional no segundo semestre do ano 2017), detalle da axenda levada a cabo a propósito de cada viaxe, así coma obxectivos e avaliación, tamén, de cada viaxe.

Por isto, dende o Grupo Parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:



- De cantas persoas estaba composta a delegación que acompañou Directora Xeral de Pesca a Cabo Verde entre os días 18 e 21 de outubro de 2017?
- Que persoas formaron a delegación nesta visita?
- Cal foi o gasto total da Viaxe, e o gasto en cada un dos conceptos, aloxamento, desprazamentos, dietas ... ?
- Porque non se facilitan as facturas e xustificantes de gasto desta viaxe?
- Existen máis detalles da axenda institucional, desta viaxe, da proporcionada na Comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE?
- Cal foi a axenda institucional de cada alto cargo nesta viaxe ?
- Cales eran os obxectivos desta visita?
- Existe unha avaliación dos resultados desta viaxe ?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 18:05:24

Carmen Santos Queiruga na data 15/03/2018 18:05:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPOSTA escrita**.

Dende o grupo parlamentario En Marea levamos presentadas máis de 50 iniciativas, dende xaneiro, relacionadas coa solicitude e detalle das viaxes de altos cargos da Xunta.

Malia a insistencia, por parte do noso grupo parlamentario, o Goberno da Xunta segue a dar unha información manifestamente incompleta. A información que se proporciona nas comparecencias do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE só aclara o nome do cargo en cuestión, o lugar ao que viaxou e algún acto no que participou, todo isto dun xeito considerablemente superficial, a pesares de definir a súa comparecencia, nalgunha ocasión, coma exhaustiva. Cando se proporciona información destas características, o lóxico e o desexable é que se trate dunha relación de cada viaxe moito máis detallada. Por exemplo, proporcionar a maiores información sobre a composición da delegación viaxante ao completo (nº de persoas, nomes), data de inicio e de remate da viaxe (non se pode atopar a data en todas as viaxes recollidas na comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para informar do cumprimento do Código Ético Institucional no segundo semestre do ano 2017), detalle da axenda levada a cabo a propósito de cada viaxe, así coma obxectivos e avaliación, tamén, de cada viaxe.

Por isto, dende o Grupo Parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

- De cantas persoas estaba composta a delegación que acompañou ao Secretario Xeral de Emigración a Chile entre o 10 e o 12 de novembro?
- Que persoas formaron a delegación nesta visita?
- Cal foi o gasto total da Viaxe, e o gasto en cada un dos conceptos, aloxamento, desprazamentos, dietas ... ?
- Porque non se facilitan as facturas e xustificantes de gasto desta viaxe?
- Existen máis detalles da axenda institucional, desta viaxe, da proporcionada na Comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE?
- Cal foi a axenda institucional de cada alto cargo nesta viaxe ?
- Cales eran os obxectivos desta visita?
- Existe unha avaliación dos resultados desta viaxe ?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 18:27:30

Carmen Santos Queiruga na data 15/03/2018 18:27:38

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727